

En efecto, a flota española é a máis importante da Comunidade Europea, aínda que a importancia económica e social do sector pesqueiro non pode estimarse unicamente tendo en conta a actividade estritamente extractiva, xa que as especiais características da actividade confírenlle un efecto multiplicador extraordinario. Así, o que xenericamente coñecemos como sector económico pesqueiro é un conglomerado de actividades intimamente relacionadas que, baseadas na explotación e aproveitamento dos recursos mariños vivos, abrangue actividades como a pesca extractiva, a comercialización, a transformación, a construción naval, a industria auxiliar e os servizos relacionados, que configuran un conxunto económico e social inseparable.

O feito de que a actividade pesqueira se basee na explotación de recursos vivos renovables, confírelle á correcta xestión destes unha importancia preponderante sobre o resto dos aspectos da política pesqueira. Sen recursos, ningunha das demais actividades relacionadas que configuran o sector pesqueiro no seu conxunto ten sentido ningún. É por tanto de capital importancia asegurar que o seu aproveitamento se realice baixo canons que aseguren a sustentabilidade da actividade, como único medio para lograr un aproveitamento óptimo e duradeiro.

As poboacións de peixes distribúense en determinadas áreas dos mares e océanos, sen entender de fronteiras políticas. É bioloxicamente imposible pretende-la xestión dunha parte do conxunto da poboación sen contar co resto da comunidade, que mantén entre si estreitas interaccións. Por este motivo, con frecuencia a cooperación internacional constitúe o «sine qua non» dunha adecuada xestión dos recursos pesqueiros.

O artigo 130.1 da nosa Constitución empra os poderes públicos para modernizaren e desenvolveren tódolos sectores económicos, con especial referencia ó sector pesqueiro. Os principios constitucionais de liberdade de empresa no marco da economía de mercado e a función social da riqueza nacional, contidos nos artigos 38 e 128, son a base da regulación do sector pesqueiro contida nesta lei.

Desde a integración de España nas comunidades europeas, as institucións comunitarias asumiron boa parte das competencias que o Estado tiña na materia, conforme a previsión contida nos artigos 93 e 96 da Constitución. O dereito comunitario, e por tanto a política pesqueira común, pasaron a formar parte do ordenamento interno.

A política pesqueira común e a xestión da pesca marítima baséanse na protección dos recursos, e tenden a logralo desenvolvemento sustentable do sector pesqueiro, mediante un réxime baseado no equilibrio das disponibilidades existentes e a súa explotación racional e responsable, de modo que se consiga o emprego óptimo dos factores de produción, favorecendo así a rendibilidade e mellorando as condicións socioeconómicas do sector pesqueiro a medio e longo prazo, especialmente a das poboacións locais dependentes da pesca.

Na orde internacional, a Convención das Nacións Unidas sobre Dereito do Mar de 1982, ratificada por España mediante instrumento do 20 de decembro de 1996, empra os estados para que incorporen ó seu ordenamento interno as medidas de xestión responsable dos recursos pesqueiros, tanto nas súas zonas económicas exclusivas como en mar aberto, correspondéndolle á Comunidade Europea a obriga de establece-las medidas necesarias en relación cos nacionais dos estados membros, así como a competencia para cooperar con países terceiros e organismos internacionais coa finalidade de conservar e protexe-los recursos vivos. As conferencias

e convenios internacionais establecen compromisos para os estados, que han de orienta-la súa política pesqueira cara a obxectivos concretos. Así, os obxectivos derivados da Conferencia das Nacións Unidas sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento e o Código de Conduta da FAO para a Pesca Responsable forman parte, así mesmo, do marco xurídico aplicable á actividade pesqueira.

Pola súa parte, os múltiples acordos de pesca entre a Comunidade Europea e países terceiros en nome dos estados membros, conteñen a normativa que ten que respecta-la nosa flota en augas dos ditos estados, coa correspondente obriga de velar polo seu cumprimento.

Pola súa banda, o ámbito da actividade comercial dos produtos da pesca viuse modificado pola política pesqueira común, os acordos da Organización Mundial do Comercio e o Espacio Económico Europeo, que produciron modificacións substanciais nos intercambios comerciais.

De conformidade coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional, o exercicio da potestade normativa estatal esixe unha interpretación do alcance e os límites da competencia lexislativa do Estado definida na Constitución e nos estatutos, imprescindible, en todo caso, no «iter» de elaboración de toda norma ou acto dos poderes públicos.

O artigo 149.1.19.^a da Constitución atribúelle ó Estado a competencia exclusiva en materia de pesca marítima, sen prexuízo das competencias que na ordenación do sector se lles atribúan ás comunidades autónomas. Pola súa vez, o artigo 148.1.11.^a establece a competencia exclusiva das comunidades autónomas en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura. Os estatutos de autonomía atribúenlles ás comunidades autónomas competencias de desenvolvemento lexislativo e execución da normativa básica do Estado en materia de ordenación do sector pesqueiro. A doutrina do Tribunal Constitucional dotou de contido material os títulos competenciales «pesca marítima» e «ordenación do sector pesqueiro». A lei regula o ámbito estrito da pesca marítima, competencia exclusiva do Estado e por tanto vedada á acción normativa e executiva das comunidades autónomas, e contén as imprescindibles garantías de certeza xurídica na definición da normativa básica en materia de ordenación do sector pesqueiro, o que permitiría ás comunidades autónomas exercer-las súas competencias de desenvolvemento e execución do marco xurídico estatal establecendo os ordenamentos complementarios que satisfagan os seus propios intereses.

A lei establece, así mesmo, ó abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, a normativa básica sobre a comercialización dos produtos pesqueiros, regulando a súa importación consonte a competencia exclusiva do Estado establecida no artigo 149.1.10.^a A necesaria coherencia da política económica esixe un marco xurídico común que asegure un tratamento uniforme en todo o territorio nacional da dita actividade comercial, para a consecución dos obxectivos económicos do sector pesqueiro, evitando que se produzan disfuncións pola estreita interdependencia das actuacións comerciais, non só entre si senón tamén en relación directa coa actividade extractiva, xa que a prohibición de comercializar produtos capturados contravindo a normativa sobre protección e conservación dos recursos pesqueiros é a forma máis eficaz de disuasión de capturas ilegais e a mellor garantía dunha política de pesca responsable. Correspondelhes ás comunidades autónomas, no exercicio das competencias estatutarias asumidas en materia de comercio interior, o desenvolvemento e execución da normativa básica no seu ámbito territorial, co fin de lograr

un mercado nacional de productos pesqueiros transparente, dinámico, competitivo e con información veraz ós consumidores, o que suporá o aumento do valor engadido dos ditos productos en beneficio do sector pesqueiro e da economía nacional, en función da súa maior achega ó produto interior bruto.

A política de fomento da investigación pesqueira e oceanográfica, realizada polo Instituto Español de Oceanografía, é o instrumento indispensable que permitirá orientar-lo deseño dunha política pesqueira realista, adecuando a actividade extractiva ás disponibilidades existentes e, se é o caso, á explotación pola nosa flota de novas especies noutros caladoiros.

En efecto, o feito de tratarse da xestión de recursos vivos fai que a investigación pesqueira e oceanográfica revista unha importancia capital para coñecer os factores biolóxicos que inflúen na abundancia das poboacións de peixes, das súas interaccións co medio mariño, do efecto do índice de mortalidade de pesca, así como doutros tales como os métodos, zonas e épocas de captura.

A presente lei regula, finalmente, o réxime de infraccións e sancións que recolle os criterios substantivos contidos na xurisprudencia do Tribunal Constitucional, diferenciando o ámbito material correspondente á pesca marítima, competencia exclusiva do Estado, do correspondente á ordenación do sector pesqueiro e a comercialización de productos pesqueiros, materias de competencia compartida, na que corresponde ás comunidades autónomas o desenvolvemento legislativo e a execución da normativa básica do Estado.

De acordo con iso, o réxime sancionador propio da pesca marítima é competencia exclusiva do Estado e aplícase nas augas exteriores. En materia de ordenación do sector e de comercialización de productos pesqueiros, a lei establece o catálogo mínimo de infraccións e sancións de aplicación común e uniforme en todo o territorio e nas augas baixo xurisdicción ou soberanía nacional. Así, tódalas comunidades autónomas, tanto as do litoral pola súa competencia de desenvolvemento e execución da normativa básica en materia de «ordenación do sector pesqueiro», como as do interior, por teren atribucións estatutarias en materia de «comercio interior», conforme os seus respectivos estatutos de autonomía, son competentes para inspeccionar e sancionar as condutas tipificadas pola lei.

En conclusión, a lei é unha esixencia formal e material para a funcionalidade das administracións públicas en canto acouta o ámbito da competencia exclusiva estatal sobre «pesca marítima» e determina o marco normativo básico que deben ter en conta as comunidades autónomas para poderen exercer as súas competencias en materia de «ordenación do sector pesqueiro» e de «comercio interior» de productos pesqueiros.

A lei consta de seis títulos, ordenados en capítulos e estes, pola súa vez, en seccións.

O título preliminar contén disposicións xerais sobre o obxecto e fins da lei.

O título I regula a pesca marítima, establecendo o ámbito de aplicación e as medidas de conservación, protección e rexeneración dos recursos pesqueiros, o réxime de xestión da actividade pesqueira, a regulación da pesca non profesional e as medidas de control e inspección da pesca marítima.

A xestión do esforzo pesqueiro, baseado na distribución de cotas ou posibilidades de pesca atribuídas á nosa flota, instrumentábase fundamentalmente mediante medidas directas, que determinan o número de buques e as súas características técnicas, así como o tempo de pesca. Esta distribución realizouse tradicionalmente consonte os criterios obxectivos da habitualidade na pes-

queira e da idoneidade do buque para a modalidade de pesca de que se trate, sen prexuízo de valorar outras circunstancias que poidan concorrer no buque, a situación do caladoiro e o estado dos seus recursos, podendo ser atribuídas tales posibilidades a buques ou grupo de buques pertencentes a un ou varios censos e para determinadas zonas ou pesqueiras, estando cifradas xeralmente en volume de capturas ou tempo de pesca, sen prexuízo de utilizar outro criterio propio da política pesqueira. Para a xestión dos recursos, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá adoptar plans de pesca específicos de regulación da actividade pesqueira, por flotas, pesqueiras, zonas ou caladoiros.

O réxime de acceso ós recursos pesqueiros e o dereito constitucional á liberdade de empresa, están necesariamente limitados pola patente escaseza dos recursos pesqueiros que xustifica a adopción pola lei de medidas de limitación da actividade pesqueira, xa que, sen prexuízo da consideración dos intereses individuais, o ordenamento xurídico ten que garantir e ampara-lo fin social común dos recursos pesqueiros. Esta confrontación entre o dereito a pescar e a obriga do estado de «delimita-lo contido do dereito de propiedade en relación con cada tipo de bens», conforme establecen os artigos 33, 40, 45, 128 e 130 da Constitución, é o núcleo da regulación da actividade pesqueira contida nesta lei.

En principio, as posibilidades de pesca xeradas polo buque en razón da súa habitualidade no caladoiro e da súa idoneidade, son consecuencia da súa inclusión no censo correspondente. Este dereito non comporta a exclusividade no aproveitamento dos recursos.

A exclusión dun buque do censo só poderá levarse a cabo por razóns de política pesqueira, co cumprimento previo dos requisitos que establece esta lei.

A lei dispón que o reaxuste ou a necesaria redución das posibilidades de pesca impostas pola Unión Europea ou os tratados e acordos internacionais ha de afectar a cada un dos buques de forma proporcional, de acordo co principio de equidade, razón pola cal as medidas de reaxuste das posibilidades ante esta nova situación, garantirán que as empresas afectadas manteñan entre si a mesma posición relativa que tiñan antes da restricción.

A lei recolle, así mesmo, o suposto contrario ó exposto, é dicir, o aumento das posibilidades de pesca para a flota. Neste caso, serán determinantes as razóns de política pesqueira para que o Goberno acorde atribuírlas ós buques dedicados á pesqueira ou ben a outros buques afectados por medidas de redución do esforzo pesqueiro, en defensa do interese xeral. De novo a lei recorre a medidas de equidade como xustificativas de que as meras expectativas de ampliación de dereitos sexan desprazadas por razóns de interese xeral, o predominio das cales sobre a mera consideración individual e subxectiva do titular dun dereito patrimonial impón a Constitución e consagra a xurisprudencia.

Por outro lado, a lei prevé a redistribución das posibilidades de pesca cando os seus titulares non fagan uso delas, ou o fagan de forma parcial. A dita medida axústase ós principios constitucionais de liberdade de empresa no marco da economía de mercado, e de defensa da produtividade, consagrados no artigo 38 da Constitución. Precisamente, en beneficio dos ditos principios, a lei prevé a posible prescrición do dereito ás posibilidades de pesca non utilizadas ou infrautilizadas.

A regulación da cesión das posibilidades de pesca pretende racionaliza-la actividade pesqueira e fomenta-la libre competencia, velando ó tempo por que non se vexan prexudicados terceiros con mellor dereito e non

se produzan situacións de monopolio ou oligopolio no sector pesqueiro.

A actividade pesqueira dos buques está condicionada á súa inclusión no Censo de Buques de Pesca Marítima, así como no censo correspondente á súa modalidade ou pesqueira, caladoiro ou área, á obtención da licenza como documento inherente ó buque e, se é o caso, ó permiso de pesca especial.

O réxime de xestión dos recursos complétase coa regulación das artes, aparellos, útiles ou instrumentos de pesca, o establecemento do tamaño ou peso das especies, a declaración de zonas de veda ou calquera outra medida que a conservación, protección e rexeneración dos recursos pesqueiros esixa para determinadas especies, pesqueiras ou caladoiros.

As medidas de conservación dos recursos pesqueiros establecidas na lei abranguen, xunto á pesca responsable, medidas de protección e rexeneración dos recursos pesqueiros que comportan o establecemento de zonas de protección pesqueiras, as cales, polas especiais características do medio mariño, son idóneas para a protección, rexeneración e desenvolvemento das especies pesqueiras. Nestas zonas, o exercicio da pesca poderá estar prohibido ou limitado a determinadas artes, conforme a normativa específica establecida na declaración de reserva mariña, zona de acondicionamento mariño ou zona de repoboación mariña.

Así mesmo, a lei establece medidas de protección dos recursos pesqueiros respecto daquelas actividades, sexa cal for a súa natureza, que poidan altera-lo estado dos recursos pesqueiros, condicionando as ditas actividades á emisión de informe preceptivo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

A efectividade do cumprimento das normas de conservación dos recursos pesqueiros garántese mediante a adopción de medidas de inspección e control encomendadas ós inspectores de pesca marítima na súa calidade de axentes da autoridade, tanto no mar como en terra con ocasión do desembarque, descarga e depósito das capturas e as artes de pesca. Por mor da dita efectividade, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá establecer que a descarga ou desembarque de determinados produtos pesqueiros se realice nos portos designados para o efecto.

Finalmente, establécense as obrigas dos capitáns ou patróns dos buques de levar e cubri-lo diario de pesca e as declaracións de desembarque e transbordo, así como de comunicar periodicamente as entradas e saídas dos caladoiros e a saída e chegada a porto, que permiten un seguimento e control da actividade pesqueira dos buques.

A aplicación á pesca marítima de recreo das medidas de conservación e protección dos recursos establecidos nesta lei para a pesca profesional, sen prexuízo das limitacións específicas que para ela establece o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, é imprescindible para evitar que estas actividades poidan chegar a compromete-la efectividade de tales medidas, e garante a compatibilidade destas actividades coa dos profesionais do sector. Mención á parte merecen as actividades de pesca recreativa realizadas desde embarcacións como actividade comercial. En efecto, o desenvolvemento do sector turístico en España, e do sector do ocio en xeral, está a favorece-la proliferación de embarcacións para as que a finalidade comercial non reside na captura de produtos pesqueiros para a súa comercialización, senón en facilita-la actividade de pesca recreativa a terceiros. É evidente que este tipo de actividades, tanto pola súa propia natureza como pola maior incidencia nos recursos pesqueiros, esixen un maior control para evitar dese-

quilíbrios que incidirían negativamente tanto no propio sector de ocio e turismo, como na pesca profesional. Por este motivo faise necesario levar un control das embarcacións e, se é o caso, a asignación de cotas anuais de determinadas especies, sen prexuízo das competencias asumidas polas comunidades autónomas en materia de ordenación e promoción do turismo ou do deporte no seu ámbito territorial, cando a dita actividade sexa cualificada como turística ou deportiva de acordo coa normativa autonómica aplicable.

O título II establece a normativa básica de ordenación do sector pesqueiro.

A eficacia das medidas de xestión dos recursos pesqueiros exposta no título I, necesita ser complementada por unha adecuada política de estruturas pesqueiras, xa que a súa interrelación condiciona a óptima utilización das posibilidades de pesca, especialmente a adecuada dimensión da flota pesqueira e a súa capacidade competitiva, así como a formación e reciclaxe dos profesionais do sector dedicados á actividade pesqueira e demais axentes do sector económico e productivo da pesca.

A normativa básica de ordenación da flota pesqueira, orientada pola política de estruturas comunitaria, está dirixida a adapta-la capacidade da nosa flota ás nosas posibilidades de pesca, evitando a súa infrautilización ou sobredimensión. En consideración ós programas de orientación plurianuais aprobados pola Comisión para España, a política de construción, modernización e reconversión de buques está dirixida a non aumenta-lo esforzo pesqueiro agás en supostos excepcionais.

Para efectos de facilita-la diversificación das actividades da flota, e para favorece-lo fornecemento do mercado e da industria de transformación dos produtos da pesca, a lei encoméndalle ó Goberno o fomento da creación de sociedades mixtas ou outras modalidades contractuais entre armadores nacionais e de países terceiros, de forma que, ben temporalmente ou con carácter definitivo, algúns dos nosos buques accedan baixo esta fórmula ós recursos pesqueiros de países terceiros, mantendo a maior porcentaxe posible de tripulación comunitaria.

As actividades desenvolvidas por armadores e profesionais da pesca españois en países terceiros reviste unha importancia crecente para o abastecemento de peixe ó mercado español e de materias primas á industria de transformación. Co fin de realizar un adecuado seguimento das actividades destas empresas, créase o Rexistro de Empresas Pesqueiras en Países Terceiros, que inclúe tanto as sociedades mixtas como as empresas radicadas en países terceiros que cumpran determinados requisitos de emprego de traballadores españois e de participación no capital social.

A normativa básica estatal sobre os coñecementos e requisitos dos titulados náutico-pesqueiros, no marco do sistema educativo cando comporta título académico, e a normativa de desenvolvemento lexislativo que dicten as comunidades autónomas no exercicio das súas competencias, estará dirixida á formación actualizada e permanente dos profesionais da pesca, de conformidade coas recomendacións da Organización Internacional de Traballo e do disposto nos convenios da Organización Marítima Internacional. A expedición polas comunidades autónomas das tarxetas acreditativas dos títulos correspondentes, constará no Rexistro de Profesionais do Sector Pesqueiro do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

A lei reconece a tradicional implantación das confrarías de pescadores no litoral, e a súa natureza xurídica de corporacións de dereito público sen ánimo de lucro,

e establece as bases do seu réxime democrático de composición e funcionamento, que será desenvolvido, ampliado e obxecto de control polas comunidades autónomas. A Federación Nacional poderá integrar, se é o caso, as confrarías e actuará como órgano interlocutor entre estas e a Administración xeral do Estado en materia de pesca marítima, realizando aquelas actuacións que por delegación lle encomende a Administración xeral do Estado.

A lei regula os requisitos do recoñecemento das organizacións de produtores e as obrigas derivadas das importantes intervencións que lles atribúe a normativa comunitaria respecto á adaptación da oferta ás esixencias dos mercados pesqueiros.

A concesión para o establecemento do porto base dun buque é outorgada pola comunidade autónoma que autoriza a súa construción, debendo, se é o caso, corresponder necesariamente ó litoral do caladoiro nacional no que estea autorizado a exercer-la actividade pesqueira. As solicitudes de cambios de base entre portos dunha comunidade autónoma autorizaas a comunidade correspondente, logo de verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na lei para evitar desequilibrios de esforzo de pesca, correspondéndolle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación autoriza-los cambios de base entre portos de distintas comunidades autónomas, logo de informe daquelas.

A primeira venda dos produtos pesqueiros frescos realizarase a través das lonxas dos portos autorizados para o desembarque, con excepción dos centros que para os produtos do marisqueo autoricen as comunidades autónomas. Considérase que o sistema idóneo para a formación dos prezos dos produtos e evitar distorsións no mercado, é que os prezos dos produtos se formen nos mesmos portos onde se descarga a mercadoría. Non obstante, a lei admite a posibilidade de que a primeira venda se realice na lonxa dun porto distinto ó de desembarque; neste caso os produtos deberán ir acompañados dunha documentación cuberta polo transportista, na que constará, en todo caso, as cantidades transportadas de cada especie, a orixe do envío e o lugar de destino dos produtos, sen prexuízo daqueles datos que regulamentariamente se establezan. Así mesmo, poderán establecerse excepcións para a primeira venda en lonxa de capturas realizadas con determinadas modalidades de pesca.

De conformidade coas medidas de conservación dos recursos pesqueiros, está prohibida a tenza, depósito, transporte, tránsito, almacenamento, exposición e venda de produtos pesqueiros de calquera orixe ou procedencia de tamaño inferior ó regulamentario, que será sancionada como infracción grave de conformidade co establecido no título V desta lei.

O título III establece as bases da comercialización e transformación dos produtos pesqueiros en todo o territorio nacional, desde que se realizou a súa primeira venda ata a súa chegada ó consumidor final, garantíndose que os produtos obxecto das ditas operacións foron capturados de conformidade coa normativa sobre conservación e protección dos recursos pesqueiros.

A necesaria transparencia de mercado e a información veraz ós consumidores sobre os produtos pesqueiros, en tódalas fases da cadea de comercialización, esixen o establecemento de medidas de normalización dos produtos e a correcta identificación destes en todo momento, con precisión da especie, a súa orixe, calidade e características.

Con obxecto de incrementa-lo valor engadido dos produtos pesqueiros e favorece-lo seu eficaz aproveitamen-

to, o Goberno fomentará, a nivel nacional e internacional, a mellora da súa calidade, favorecerá o consumo dos tradicionais, artesanais e infrautilizados, así como as denominacións de calidade, o que comportará unha máis adecuada adaptación entre a oferta e a demanda, en beneficio do sector pesqueiro, tanto dos profesionais dedicados á actividade extractiva como dos axentes dedicados á actividade comercial, así como dos propios consumidores.

Pola súa vez, o fomento da calidade dos produtos e a súa promoción por tódalas administracións redundará nun mercado transparente, dinámico e competitivo, en beneficio do sector, dos consumidores e da economía nacional.

O título IV regula a investigación pesqueira e oceanográfica que realice o Instituto Español de Oceanografía, no marco do Plan Nacional de Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico, o que permitirá coñecer-lo estado dos recursos e do medio mariño en augas españolas e en calquera outro caladoiro en que faene a nosa flota e así orienta-lo deseño dunha política nacional pesqueira adecuada ás necesidades do sector, que é en definitiva a defensa do interese xeral e fin primordial desta lei.

O título V establece o réxime de control para a protección dos recursos pesqueiros.

A lei recolle os criterios substantivos contidos na xurisprudencia constitucional para diferencia-los ámbitos materiais correspondentes á pesca marítima e á ordenación do sector pesqueiro e comercialización de produtos pesqueiros.

A necesidade do réxime sancionador é maior ante o feito de que o Regulamento CEE 2847/93, do Consello, do 12 de outubro, polo que se establece un réxime de control da política pesqueira común, imponlles ós estados membros velaren polo cumprimento da normativa comunitaria nas súas augas, tanto dos seus buques como doutros estados membros e países terceiros. Así mesmo, os estados membros velarán pola actividade pesqueira dos seus buques en tódalas augas, mesmo en mar aberto, e controlarán o cumprimento da normativa comunitaria, estando obrigados a adopta-las medidas sancionadoras apropiadas.

De acordo con iso, a lei vén a establecer, dunha parte, o ámbito competencial propio e exclusivo do Estado, isto é, o referido ás infraccións e sancións en materia de pesca marítima e, doutra, as normas básicas para definir un marco unitario de infraccións e sancións en materia de ordenación do sector e comercialización de produtos pesqueiros, marco dirixido a asegurar de maneira homoxénea e en condicións de igualdade o interese xeral e a establece-las imprescindibles garantías de certeza xurídica que lles permitan ás comunidades autónomas exercer en as súas competencias sancionadoras nestas materias.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

A presente lei, de conformidade cos principios e regras da política pesqueira común e dos tratados e acordos internacionais, ten por obxecto:

a) A regulación da pesca marítima, competencia exclusiva do Estado, conforme o establecido polo artigo 149.1.19.^a da Constitución.

b) O establecemento da normativa básica de ordeación do sector pesqueiro, de acordo co previsto no artigo 149.1.19.^a da Constitución.

c) O establecemento de normas básicas de ordeación da actividade comercial de produtos pesqueiros, e a regulación do comercio exterior destes, de acordo co establecido no artigo 149.1.13.^a e 10.^a, respectivamente, da Constitución.

d) A programación da investigación pesqueira e oceanográfica de competencia do Estado, no ámbito da política de pesca marítima, de acordo co artigo 149.1.15.^a da Constitución.

e) O establecemento do réxime de infraccións e sancións en materia de pesca marítima en augas exteriores, da normativa básica de ordeación do sector pesqueiro e comercialización dos produtos pesqueiros.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos desta lei establécense as seguintes definicións:

Actividade pesqueira: a extracción dos recursos pesqueiros en augas exteriores, así como a de crustáceos e moluscos con artes e aparellos propios da pesca. Están excluídas desta definición as actividades de marisqueo e acuicultura, así como a pesca en augas interiores.

Augas exteriores: augas marítimas baixo xurisdicción ou soberanía española, situadas por fóra das liñas de base, tal e como se estipula na Lei 20/1967, do 8 de abril, sobre extensión de xurisdicción marítima a doce millas, para efectos de pesca, e no Real decreto 2510/1977, do 5 de agosto, de augas xurisdiccionais, liñas de base rectas para a súa delimitación.

Augas interiores: augas marítimas baixo xurisdicción ou soberanía española, situadas por dentro das liñas de base.

Arte de pesca: todo aparello, rede, útil, instrumento e equipo utilizados na pesca marítima en augas exteriores.

Arrecife artificial: o conxunto de elementos ou módulos, constituídos por diversos materiais inertes, ou ben, os cascos de buques de madeira especificamente adaptados para este fin que se distribúen sobre unha superficie delimitada do leito mariño.

Buque habitual: aquel buque que exerceu unha actividade pesqueira de forma continuada, reiterada e ininterrompida, considerándose como tal a non interrupción voluntaria da dita actividade durante dous anos consecutivos.

Caladoiro nacional: as augas marítimas baixo xurisdicción ou soberanía española.

Capturas históricas: as realizadas habitualmente por un buque desde unha data determinada regulamentariamente.

Esfuerzo pesqueiro: a intensidade con que é exercida a actividade pesqueira, medida coa capacidade dun buque, segundo a súa potencia e arqueo, o seu tempo de actividade, e outros parámetros que poidan incidir na súa intensidade de pesca. O esforzo de pesca desenvolvido por un conxunto de buques será a suma do exercicio por cada un deles.

Lonxa: a instalación prevista para a exposición e primeira venda dos produtos pesqueiros frescos, situada no recinto portuario e autorizada polos órganos competentes das comunidades autónomas en materia de ordeación do sector pesqueiro.

Ordeación da actividade comercial dos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura: a regulación das operacións que se realizan respecto ós ditos produtos, desde que finaliza a primeira venda ata a súa chegada ó consumidor final, e en especial o relativo ó transporte, almacenamento, transformación, exposición e venda.

Ordeación do sector pesqueiro: a regulación do sector económico ou productivo da pesca, en especial o relativo ós axentes do sector pesqueiro, a flota pesqueira, o establecemento de portos base e cambios de base, e a primeira venda dos produtos pesqueiros.

Pesca marítima: o conxunto de medidas de protección, conservación e rexeneración dos recursos mariños vivos en augas exteriores, así como a actividade pesqueira, nesas augas.

Pesqueira: o exercicio da actividade da pesca dirixida á captura dunha especie ou grupo de especies nunha zona ou caladoiro determinado.

Posibilidades de pesca dos buques: o volume de capturas, esforzo de pesca ou tempo nunha zona, que correspondeu a un buque conforme o reparto baseado nos criterios establecidos nesta lei.

Recursos pesqueiros: os recursos mariños vivos, así como os seus esqueletos e demais produtos daqueles, susceptibles de aproveitamento.

Zona ou caladoiro de pesca: área xeográfica suxeita a medidas de xestión ou conservación singulares, de acordo con criterios biolóxicos.

Artigo 3. *Fins.*

Son fins desta lei:

a) Velar pola explotación equilibrada e responsable dos recursos pesqueiros, favorecendo o seu desenvolvemento sustentable e adopta-las medidas precisas para protexer, conservar e rexenera-los ditos recursos e os seus ecosistemas.

b) Mellora-las condicións en que se realizan as actividades pesqueiras, e o nivel de vida dos pescadores.

c) Adapta-lo esforzo da flota á situación dos recursos pesqueiros.

d) Potencia-lo desenvolvemento de empresas competitivas e economicamente viables no sector pesqueiro, facilitando a súa adaptación ós mercados.

e) Fomenta-la mellora das estruturas productivas dos sectores extractivo, comercializador e transformador, mellorando o aproveitamento e incrementando o valor engadido dos produtos pesqueiros.

f) Promove-la formación continuada dos profesionais do sector pesqueiro.

g) Fomenta-lo asociacionismo no sector pesqueiro.

h) Promover medidas compensatorias dos desequilibrios económicos e sociais que poidan producirse nas rexións dependentes da pesca.

i) Asegura-lo fornecemento e fomenta-lo consumo dos produtos, con especial incidencia nos excedentarios e infraexplotados.

j) Fomentar un comercio responsable dos produtos pesqueiros, que contribúa á conservación dos recursos.

k) Mellora-la calidade dos produtos, a transparencia do mercado e a información ó consumidor.

l) Fomenta-la investigación oceanográfica e pesqueira.

TÍTULO I

Da pesca marítima en augas exteriores

CAPÍTULO I

Ámbito de aplicación

Artigo 4. *Delimitación do ámbito.*

1. Os preceptos deste título son de aplicación á actividade pesqueira exercida:

a) Polos buques españois nas seguintes augas:

1.º Augas sometidas a soberanía ou xurisdicción española, incluíndo o mar territorial, a zona económica exclusiva e a zona de protección pesqueira do Mediterráneo, con excepción das augas interiores, de acordo co regulado na Lei 10/1977, do 4 de xaneiro, sobre o mar territorial; na Lei 15/1978, do 20 de febreiro, sobre a zona económica exclusiva, e no Real decreto 1315/1997, do 1 de agosto, polo que se establece unha zona de protección pesqueira no mar Mediterráneo.

2.º Augas baixo soberanía ou xurisdicción doutros estados membros da Unión Europea, de acordo co previsto na normativa comunitaria.

3.º Augas baixo soberanía ou xurisdicción de países terceiros sen prexuízo da lexislación nacional dos ditos países e do establecido nos tratados, acordos e convenios internacionais.

4.º Augas de mar aberto, conforme o establecido no dereito internacional vixente e nas normas aplicables en virtude de tratados, acordos ou convenios internacionais.

b) Polos buques comunitarios, en augas baixo soberanía ou xurisdicción española, de conformidade co disposto na normativa da Unión Europea.

c) Polos buques de países terceiros en augas baixo soberanía ou xurisdicción española, de conformidade co disposto na normativa da Unión Europea e nas normas aplicables en virtude de tratados, acordos ou convenios internacionais.

2. Os preceptos deste título serán tamén de aplicación a calquera outra actividade pesqueira desenvolvida en augas exteriores sometidas a soberanía ou xurisdicción española.

Artigo 5. *Medidas da política de pesca marítima en augas exteriores.*

A política da pesca marítima en augas exteriores realizarase a través de:

a) Medidas de conservación dos recursos pesqueiros, mediante a regulación de artes e aparellos, a regulación do esforzo pesqueiro, o establecemento de vedas temporais ou zonais, ou de calquera outra medida que aconselle o estado dos recursos.

b) Medidas de protección e rexeneración dos recursos pesqueiros, mediante o establecemento de zonas protexidas, e de medidas preventivas para actividades susceptibles de prexudicá-los recursos pesqueiros.

c) Medidas de xestión da actividade pesqueira, distribuindo as posibilidades de pesca de modo que se consiga unha maior racionalización do esforzo pesqueiro, en desenvolvemento do sector.

d) A regulación da pesca non profesional, pola súa incidencia sobre o recurso.

e) O establecemento dos oportunos sistemas de control e inspección das actividades pesqueiras.

CAPÍTULO II

Medidas de conservación dos recursos pesqueiros

Artigo 6. *Acceso ós recursos.*

O acceso ós recursos pesqueiros estará regulado para asegura-la súa protección, conservación e mellora, conforme o establecido na presente lei e nas normas regulamentarias que a desenvolvan, logo de consulta ás comunidades autónomas e ó sector pesqueiro afectado, e de conformidade co que dispoña a normativa comunitaria da Unión Europea.

Artigo 7. *Medidas de regulación da actividade pesqueira.*

Para a conservación e mellora dos recursos pesqueiros, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá establecer medidas de regulación directas, a través da limitación do esforzo de pesca, ou indirectas mediante a limitación do volume de capturas.

Artigo 8. *Regulación do esforzo pesqueiro.*

1. Co fin de garanti-la mellora e conservación dos recursos pesqueiros, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación poderán adoptar, entre outras, as seguintes medidas de regulación do esforzo pesqueiro:

a) A limitación do número de buques en función da incidencia das súas características no esforzo de pesca do conxunto da flota nunha pesqueira.

b) A limitación do tempo de actividade pesqueira.

c) O cerramento da pesqueira.

Artigo 9. *Limitación das capturas.*

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá adoptar-las medidas de limitación do volume das capturas que resulten necesarias, respecto de determinadas especies ou grupos de especies, por caladoiros ou zonas, períodos de tempo, modalidades de pesca, por buque ou grupos de buques, ou outros criterios que regulamentariamente se establezan.

Artigo 10. *Artes de pesca.*

1. A pesca marítima en augas exteriores só poderá exercerse mediante artes de pesca expresamente autorizadas.

2. O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá establece-las características técnicas e condicións de emprego das artes de pesca autorizadas para as distintas modalidades de pesca, así como as do seu transporte e estiba, ou a prohibición da súa tenza a bordo, así como calquera outra circunstancia que aconselle o estado dos recursos, tendo en conta:

a) As especies ou grupos de especies obxectivo ás que vai dirixida a pesca, así como as especies accesorias e, en particular, o seu tamaño ou peso mínimo de captura.

b) As zonas e períodos de pesca, e, se é o caso, os fondos autorizados.

Artigo 11. *Tamaño ou peso das especies.*

1. Para efectos da conservación dos recursos, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, logo de informe do Instituto Español de Oceanografía, poderá establecer tamaños ou pesos mínimos de determinadas especies, diferenciándose cando sexa preciso por caladoiros, zonas ou fondos de pesca.

2. As especies de tamaño ou de peso inferior ó regulamentado non poderán reterse a bordo, transbordarse, desembarcarse ou descargarse, nin depositarse, e deberán devolverse inmediatamente ó mar trala súa captura, salvo normativa específica.

Artigo 12. *Vedas.*

1. Co obxecto de protexer, conservar e recupera-los recursos pesqueiros, e logo de informe do Instituto Español de Oceanografía, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá establecer fondos mínimos, zonas ou períodos de veda nos que se limite ou se prohiba o exercicio das actividades pesqueiras ou a captura de determinadas especies, así como adoptar aquelas outras medidas que se consideren necesarias.

2. O establecemento dunha zona de veda ou dunha área de fondos mínimos delimitará a dita zona, as artes permitidas e, se é o caso, aqueles aspectos referidos ó seu tempo de vixencia ou á súa revisión temporal en función do seguimento de eficacia e utilidade dela, así como aquelas outras medidas que se consideren necesarias.

3. O establecemento dunha veda temporal determinará o seu tempo de vixencia e a súa posible prórroga en función do seguimento de eficacia e utilidade dela.

CAPÍTULO III**Medidas de protección e rexeneración dos recursos pesqueiros****SECCIÓN 1.^a ZONAS DE PROTECCIÓN PESQUEIRA****Artigo 13. *Declaración de zonas de protección pesqueira.***

1. O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, mediante orde ministerial, poderá declarar zonas de protección pesqueira para favorece-la protección e rexeneración dos recursos mariños vivos. Estas zonas, de acordo coa finalidade específica derivada das súas especiais características, poderán ser cualificadas como:

- a) Reservas mariñas.
- b) Zonas de acondicionamento mariño.
- c) Zonas de repoboación mariña.

2. A declaración destas zonas realizarase logo de informe do Instituto Español de Oceanografía, do Ministerio de Medio Ambiente, do Ministerio de Defensa, no caso de que incida sobre zonas declaradas de interese para a Defensa Nacional ou zonas de seguridade de instalacións militares, do Ministerio de Fomento, no caso de que afecte o servizo portuario, así como das comunidades autónomas afectadas, sobre aspectos da súa competencia.

A declaración establecerá, en todo caso, a delimitación xeográfica da zona.

Artigo 14. *As reservas mariñas.*

1. Serán declaradas reservas mariñas aquelas zonas que polas súas especiais características se consideren adecuadas para a rexeneración dos recursos pesqueiros. As medidas de protección determinarán as limitacións ou a prohibición, se é o caso, do exercicio da actividade pesqueira, así como de calquera outra actividade que poida altera-lo seu equilibrio natural.

2. No ámbito das reservas mariñas poderán delimitarse áreas ou zonas con distintos niveis de protección.

Artigo 15. *Zonas de acondicionamento mariño.*

1. Co fin de favorece-la protección e reprodución dos recursos pesqueiros, poderán declararse zonas de acondicionamento mariño, nas cales se realizarán obras ou instalacións que favorezan esta finalidade. A declaración destas zonas farase logo de cumprimento da lexislación vixente en materia de ocupación do dominio público marítimo-terrestre.

2. A norma de declaración establecerá as medidas de protección da zona, respecto do exercicio ou a prohibición, se é o caso, da actividade pesqueira, así como de calquera outra actividade que poida prexudica-la súa finalidade.

3. Entre as obras ou instalacións que poden realizarse nas zonas de acondicionamento mariño figuran os arrecifes artificiais, así como outras que regulamentariamente se establezan.

Artigo 16. *Zonas de repoboación mariña.*

1. Co fin de favorece-la rexeneración de especies de interese pesqueiro, poderán declararse zonas destinadas á liberación controlada de especies en calquera fase do seu ciclo vital.

2. Nestas zonas estableceranse normas especiais para o exercicio da pesca, así como de todas aquelas actividades que poidan afecta-la efectividade desta medida.

Artigo 17. *Informes previos á repoboación mariña.*

1. As repoboacións que se realicen en augas exteriores requirirán informe previo do Instituto Español de Oceanografía e do Ministerio de Medio Ambiente, así como da comunidade autónoma correspondente sobre a súa incidencia nos recursos pesqueiros das augas interiores.

2. As repoboacións que se realicen nas augas interiores requirirán informe previo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación sobre a súa incidencia nos recursos pesqueiros das augas exteriores.

3. A introducción de especies foráneas de calquera tamaño e ciclo vital, así como de ovos, esporas ou individuos das ditas especies, con destino a repoboación, cultivos ou simple inmersión, requirirá informe previo do Instituto Español de Oceanografía, Ministerio de Medio Ambiente, Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e das comunidades autónomas afectadas.

Artigo 18. *Réxime aplicable nos espazos protexidos.*

Nas augas exteriores dos espazos naturais protexidos, as limitacións ou prohibicións da actividade pesqueira serán fixadas polo Goberno de conformidade cos criterios establecidos na normativa ambiental.

SECCIÓN 2.^a ACTIVIDADES SUSCEPTIBLES DE ALTERAR-LOS RECURSOS PESQUEIROS

Artigo 19. *Extracción de flora.*

A extracción de flora mariña en augas exteriores requirirá autorización do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, logo da realización do preceptivo informe da comunidade autónoma correspondente.

Artigo 20. *Obras, instalacións e demais actividades no mar.*

1. Calquera obra ou instalación, desmontable ou non, que se pretenda realizar ou instalar en augas exteriores, así como a extracción de calquera material, requirirá informe preceptivo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e das comunidades autónomas afectadas, para os efectos da protección e conservación dos recursos mariños vivos.

2. A autorización administrativa para a realización de actividades en augas exteriores nas que, mesmo sen requirir obras ou instalacións de ningún tipo, concorran circunstancias das que poidan derivarse efectos para os recursos pesqueiros ou interferencias co normal desenvolvemento da actividade pesqueira, requirirá informe preceptivo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Artigo 21. *Verteduras.*

A autorización administrativa para toda clase de verteduras en augas exteriores requirirá informe preceptivo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e das comunidades autónomas, para efectos da valoración da súa incidencia sobre os recursos mariños vivos.

CAPÍTULO IV

Xestión das actividades pesqueiras

SECCIÓN 1.^a REQUISITOS XERAIS PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE PESQUEIRA

Artigo 22. *Censo de Buques de Pesca Marítima.*

1. O Censo de Buques de Pesca Marítima conterà a relación dos buques de bandeira española que poden exercer a actividade pesqueira nas augas do ámbito de aplicación deste título. O censo conterà tódolos parámetros dos buques que poden incidir no esforzo pesqueiro desenvolvido pola flota.

2. Só os buques incluídos neste censo poderán ser autorizados e provistos de despacho para a pesca ou faenas auxiliares da pesca.

Artigo 23. *Autorizacións de pesca.*

1. Todo buque destinado ó exercicio da pesca marítima profesional en augas exteriores deberá levar a bordo unha autorización administrativa de carácter temporal, expedida polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, denominada licenzia de pesca, e contar cun número do Rexistro Xeral Sanitario de Alimentos.

2. A licenzia de pesca, de carácter intransferible, é un documento inherente ó buque pesqueiro e que recollerá alomenos os datos relativos ó seu titular, as súas características técnicas, a zona de pesca ou caladoiro, a modalidade de pesca e o período de vixencia dela. A primeira licenzia dun buque pesqueiro conterà,

ademais, os datos relativos ás baixas achegadas para a súa construción e o porto de establecemento.

3. No suposto de transmisión da titularidade do buque, o novo propietario deberá comunicarllo ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para efectos do coñecemento da subrogación no uso da licenzia.

4. A non utilización da licenzia de pesca sen causa xustificada, durante o seu período de vixencia, será considerada como renuncia do seu titular ó acceso do buque á pesqueira e ó caladoiro para o que foi autorizado, procedéndose á súa baixa definitiva no censo específico correspondente por modalidades, caladoiros ou pesqueiras.

5. Calquera outra actividade pesqueira deberá contar coa autorización correspondente.

6. O disposto no presente artigo enténdese sen prexuízo da correspondente autorización sanitaria e demais requisitos establecidos na normativa vixente.

SECCIÓN 2.^a REQUISITOS ESPECIAIS PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE PESQUEIRA

Artigo 24. *Cambio temporal de actividade de pesca.*

Cando a situación dos recursos pesqueiros o permita, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderálles autorizar temporalmente ós titulares dos buques pesqueiros, un cambio nas condicións do exercicio da actividade pesqueira previstas na súa licenzia. Esta autorización recollerá expresamente o período de vixencia, así como tódolos datos que supoñan unha modificación das condicións da licenzia.

Artigo 25. *Permiso especial de pesca.*

1. Cando as características especiais dunha pesqueira aconsellen limitacións do esforzo pesqueiro ou medidas específicas de conservación dos recursos pesqueiros, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá establecer que o exercicio da actividade estea condicionada á concesión dun permiso de pesca especial de carácter temporal, complementario da licenzia de pesca, e que deberá levarse a bordo.

2. O dito permiso conterà, cando menos, os datos relativos á identificación do buque, período de validez, zona, modalidade de pesca e especies autorizadas. Cando se trate dun conxunto de buques poderálles emitir un permiso de pesca especial de forma colectiva. O permiso especial de pesca será necesario, en todo caso, para o exercicio da actividade pesqueira en augas non sometidas á xurisdición ou soberanía españolas.

Artigo 26. *Censos específicos.*

1. Para a xestión e distribución das posibilidades de pesca poderán establecerse censos por modalidades, pesqueiras e caladoiros, que lles posibilitarán ós buques incluídos neles o exercicio da pesca marítima en augas exteriores.

2. A inclusión dun buque en un ou máis censos específicos faraa o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación conforme o procedemento e os criterios regulamentariamente establecidos, entre os que haberá que ter en conta prioritariamente:

- a) A habitualidade na pesqueira.
- b) A idoneidade dos buques e demais condicións técnicas destes.

3. No suposto de disponibilidades sobrantes, poderán incluírse buques afectados por grave redución das posibilidades de pesca.

SECCIÓN 3.^a MEDIDAS DE XESTIÓN DAS POSIBILIDADES DE PESCA

Artigo 27. *Reparto.*

1. Para mellora-la xestión e o control da actividade, así como para favorece-la planificación empresarial, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá dispoñe-la distribución das posibilidades de pesca entre buques ou grupos de buques habituais na pesqueira.

2. A distribución das posibilidades de pesca poderá cifrarse en volumes de capturas, esforzo de pesca, tempo de pesca, ou presenza en zonas de pesca.

3. Os criterios de reparto serán os seguintes:

a) A actividade pesqueira desenvolvida historicamente, cifrada en volume de capturas, esforzo de pesca, tempo ou presenza en zona, en cada caso.

b) As súas características técnicas.

c) Os demais parámetros do buque, así como outras posibilidades de pesca de que dispoña, que optimicen a actividade do conxunto da flota.

4. Así mesmo, unha vez aplicados os criterios do punto anterior valoraranse as posibilidades de emprego que acredite o titular do buque así como as condicións sociolaborais dos traballadores.

Artigo 28. *Transmisibilidade.*

1. No caso de distribución das posibilidades de pesca, estas serán transmisibles con autorización previa do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e logo de informe da comunidade autónoma do porto base do buque, seguindo o procedemento que regulamentariamente se determine e conforme os seguintes criterios:

a) Evita-la acumulación de posibilidades de pesca nun buque en volumes superiores ós que poidan ser utilizados.

b) Establecer un límite mínimo de posibilidades, por debaixo do cal o buque debe abandona-la pesqueira.

c) Xustificar que a transmisibilidade estea restrinxida a buques ou grupos de buques pertencentes a determinadas categorías ou censos. En consideración ás esixencias técnicas das pesqueiras, poderán establecerse os requisitos relativos ás condicións técnicas dos buques obxecto da transmisión.

d) Establecer, para efectos de favorece-lo exercicio da libre competencia, que os volumes de posibilidades de pesca que poden ser acumulados por unha mesma empresa ou grupos de empresas relacionadas societariamente non superarán o 30 por 100 para cada pesqueira.

2. Cando se trate de buques da mesma empresa armadora, e co cumprimento previo das condicións establecidas no número 1, a transmisión das posibilidades de pesca entre os seus propios buques non requirirá da autorización administrativa, e abondará coa comunicación previa e que faga fe ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Neste suposto, durante o período de tempo en que o buque que recibiu as posibilidades as utilice, non lle será de aplicación ó buque ou buques transmisores, nin a baixa definitiva no censo específico pola non utilización da licenza establecida no punto 4 do artigo 23, nin a prescrición derivada da perda de habitualidade na pesqueira establecida no artigo 30. Tampouco lles será de aplicación o límite mínimo de

posibilidades regulamentariamente establecido a que se refire o punto 1, alínea b) deste artigo.

3. Cando para o exercicio de determinadas pesqueiras se requira a pertenza a un censo específico de acordo co previsto no artigo 26 e se dispoña a distribución de posibilidades de pesca de acordo co artigo 27, calquera buque que adquira novas posibilidades de pesca para a pesqueira en cuestión terá dereito a ser incluído no correspondente censo específico.

Artigo 29. *Incremento e redución.*

1. Cando se produza un incremento das posibilidades de pesca, a asignación efectuada a cada buque ou grupo de buques incrementarase proporcionalmente, de modo que manteñan entre si a mesma posición relativa, sen supera-los máximos previstos no artigo anterior. De quedaren posibilidades de pesca sobrantes, estas distribuiranse preferentemente entre buques que, reunindo características técnicas idóneas para a pesqueira en cuestión, resultasen afectados por medidas de redución das posibilidades de pesca.

2. Cando se produza unha redución das posibilidades de pesca, a asignación efectuada a cada buque ou grupo de buques reducirase proporcionalmente, de modo que manteñan entre si a mesma posición relativa.

Artigo 30. *Prescrición.*

Co fin de favorece-lo mellor aproveitamento das posibilidades de pesca, cando os buques perdesen a habitualidade na pesqueira, de acordo co establecido no artigo 2, entenderase producida a prescrición dos correspondentes dereitos, e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación procederá á súa redistribución entre outros buques de conformidade cos criterios do punto 1 do artigo 29.

Artigo 31. *Plans de pesca.*

Para a xestión das posibilidades de pesca, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, logo de consulta ó sector afectado e ás comunidades autónomas, poderá regular plans de pesca para determinadas zonas ou pesqueiras que prevegan medidas específicas e singulares, a excepcionalidade das cales respecto á normativa xeral veña xustificada en función do estado dos recursos, logo de informe do Instituto Español de Oceanografía.

SECCIÓN 4.^a DOCUMENTOS E COMUNICACIÓNS RELATIVAS Á XESTIÓN DA ACTIVIDADE PESQUEIRA

Artigo 32. *Comunicacións desde os buques.*

Co fin de efectua-lo seguimento da actividade pesqueira, poderán establecerse sistemas de comunicacións periódicas que posibiliten o coñecemento, a ser posible en tempo real, das entradas ou saídas dos caladoiros, a súa estancia neles, as capturas, a saída e chegada a porto ou outras circunstancias que regulamentariamente se establezan.

Artigo 33. *O diario de pesca.*

Os capitáns dos buques pesqueiros levarán a bordo un diario de pesca co fin de reflectir nel os detalles da actividade pesqueira realizada, nos termos que regulamentariamente se establezan.

En aplicación da normativa comunitaria, poderán ser eximidos da obriga de leva-lo diario de pesca buques pesqueiros de determinadas características e actividade.

Artigo 34. *A declaración de desembarque.*

1. Os capitáns dos buques que desembarquen capturas en territorio español deberanlles presentar ás autoridades competentes unha declaración de desembarque, que deberá reflecti-las cantidades desembarcadas de cada especie, a zona de procedencia e demais datos que regulamentariamente se establezan.

2. Os capitáns de buques españois que desembarquen os produtos da pesca fóra do territorio nacional terán a obriga de comunica-los datos correspondentes ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación na forma que regulamentariamente se estableza.

3. En aplicación da normativa comunitaria, poderán ser eximidos da obriga de realizar declaración de desembarque os capitáns de buques pesqueiros de determinadas características e actividade.

Artigo 35. *A declaración de transbordo.*

Os capitáns de tódolos buques deberanlle comunicar ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e conservar no seu poder os datos de transbordos de produtos da pesca que realicen a outros buques ou que reciban deles nos termos que regulamentariamente se establezan.

A información derivada dos documentos e comunicacións regulados nesta sección poderán ser postos ó dispor da comunidade autónoma que o solicite.

CAPÍTULO V

Pesca recreativa en augas exteriores

Artigo 36. *Condicións de exercicio.*

1. O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, oídas as comunidades autónomas, poderá establecer medidas específicas para a pesca recreativa nas augas exteriores por razón de protección e conservación dos recursos pesqueiros e co fin de que esta non interfira ou prexudique a actividade pesqueira profesional.

2. Estas medidas poderán consistir, entre outras:

a) No establecemento de vedas temporais ou zonais.

b) Na prohibición de métodos, artes ou instrumentos de pesca.

c) Na determinación de tempos máximos de pesca.

d) Na fixación do volume máximo de capturas por persoa, barco, día e especie ou grupos de especies.

e) No establecemento de distancias mínimas respecto dos barcos de pesca profesional.

f) Na obtención dunha autorización para a captura de determinadas especies, complementaria da licenza.

g) Na obriga de efectuar declaración de desembarque respecto da captura de determinadas especies.

3. Sen prexuízo do establecemento das medidas específicas previstas no punto 2, serán de aplicación á pesca marítima non profesional en augas exteriores as medidas de protección e conservación dos recursos pesqueiros establecidas para a pesca marítima profesional.

4. Para garanti-lo cumprimento das medidas dos puntos anteriores estableceranse actuacións específicas de vixilancia e control.

Artigo 37. *Explotación lucrativa da pesca recreativa.*

Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, a pesca recreativa realizada desde embarcacións destinadas á súa explotación comercial para esta actividade, deberá cumprir ademais os seguintes requisitos:

1. Dispor dun permiso de actividade expedido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. No dito permiso especificaranse, en caso necesario, as capturas permitidas en cómputo anual.

2. Subministrarlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación información acerca das capturas efectuadas por zona e período de tempo, de acordo coas condicións que regulamentariamente se determinen.

CAPÍTULO VI

Control e inspección da actividade de pesca marítima

Artigo 38. *Os inspectores de pesca marítima en augas exteriores.*

1. Os inspectores de pesca marítima en augas exteriores terán a condición de axentes da autoridade no desempeño da súa actividade inspectora.

2. Os inspectores, que deberán acreditar a súa identidade e condición no exercicio das súas funcións, terán acceso a tódalas dependencias, rexistros e documentos, e levantarán acta na que reflectirán as circunstancias e o resultado das súas actuacións.

3. As persoas responsables dos buques pesqueiros, produtos ou instalacións obxecto de inspección prestarán a súa colaboración para a realización da función inspectora. A falta da dita colaboración ou a obstrucción, se é o caso, ó exercicio da citada función será sancionada conforme o título V desta lei.

Artigo 39. *Medidas de control.*

1. Adoptaranse as medidas de inspección e control necesarias para garanti-lo cumprimento da normativa de pesca marítima en augas exteriores.

2. A función inspectora en materia de pesca marítima en augas exteriores poderá realizarse, en todo caso, mentres o buque estea no mar, no peirao ou no porto.

3. Respecto das artes e das capturas, a función inspectora poderá realizarse con ocasión do seu desembarque ou descarga, antes da primeira venda dos produtos ou antes da iniciación do transporte cando se trate de produtos non vendidos na lonxa do porto de desembarque. Ademais, nas importacións de produtos pesqueiros poderá realizarse no seu desembarque ou descarga en territorio nacional.

4. Cando as condicións do exercicio da actividade o permitan, poderá esixirse que previamente á descarga ou desembarque se realice un aviso previo de chegada por parte da empresa, ou que a descarga ou desembarque se produzan en presenza de inspectores de pesca. Así mesmo, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cando sexa necesario para o exercicio da función inspectora, poderá establecer que a descarga ou desembarque de certos produtos pesqueiros se realice en determinados portos, de entre os autorizados polas comunidades autónomas.

5. Os capitáns dos buques de países terceiros que transporten produtos pesqueiros e desexen desembarcar en portos nacionais deberanlles comunicar ás autoridades competentes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación o porto de desembarque que desexen utilizar e a hora prevista de chegada, debendo enviar unha declaración cos datos que se establecerán regulamentariamente. As autoridades competentes do porto de desembarque non permitirán o desembarque ata que o capitán do buque ou o seu representante lles presenten a autorización expresa do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que deberá producirse no prazo que regulamentariamente se estableza. Así mesmo as operacións que competen ás autoridades alfandegueiras só poderán efectuarse despois de serlles presentada a dita autorización.

6. Os capitáns dos buques que desexen realizar operacións de transbordo deberán comunicarlle previamente ás autoridades competentes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa antelación e os datos que regulamentariamente se establezan. Os buques de países terceiros deberán obter autorización.

Artigo 40. *Cooperación na función inspectora.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá establecer convenios de colaboración coas comunidades autónomas para o mellor exercicio da función inspectora en augas exteriores e interiores, respectivamente, sen prexuízo dos convenios de cooperación existentes no ámbito da Administración xeral do Estado e dos plans futuros de cooperación, e intercambiarán canta información sexa necesaria para o exercicio das súas respectivas competencias, garantindo en todo momento a confidencialidade dos datos.

TÍTULO II

Ordenación do sector pesqueiro

CAPÍTULO I

Principios xerais

Artigo 41. *Instrumentos da política de ordenación do sector pesqueiro.*

A política de ordenación do sector pesqueiro realizarase a través de:

- a) Medidas tendentes á mellora da capacitación dos profesionais do sector.
- b) Medidas de fomento e regulación das entidades asociativas do sector.
- c) Medidas de construción, modernización e reconversión dos buques pesqueiros para conseguir unha flota pesqueira moderna, competitiva e adaptada ás actuais pesqueiras e á explotación doutras novas, en condicións que garantan a eficiencia da actividade, condicións apropiadas de traballo a bordo e a mellora da calidade dos produtos.
- d) Medidas de adaptación da capacidade da flota ó estado dos recursos pesqueiros.
- e) Medidas de fomento da creación de empresas mixtas, así como doutras fórmulas para o aproveitamento dos recursos pesqueiros de países terceiros.
- f) A regulación do establecemento de portos base, así como dos cambios de porto base.
- g) Medidas de regulación do desembarque e primeira vendados produtos pesqueiros independentemente da orixe destes.

CAPÍTULO II

Os axentes do sector pesqueiro

SECCIÓN 1.^a ORDENACIÓN DAS PROFESIÓN DO SECTOR

Artigo 42. *Idoneidade e titulación dos profesionais do sector.*

O Goberno, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, regulará as titulacións dos profesionais do sector pesqueiro, no marco, cando proceda, do sistema educativo xeral, establecendo os requisitos de idoneidade e as atribucións profesionais correspondentes a cada título, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Fomento. Debido á constante evolución da tecnoloxía aplicada á navegación e á explotación pesqueira, estableceranse as axudas e medidas necesarias para a actualización de coñecementos e implantación de novas técnicas, de forma continuada, para a reciclaxe dos titulados.

Artigo 43. *Acreditación da capacitación profesional.*

1. No marco da normativa básica estatal a que se refire o artigo anterior e da que no seu desenvolvemento establezan as comunidades autónomas competentes en materia de ordenación do sector pesqueiro, correspóndelles a estas a expedición dos títulos e demais acreditacións de carácter profesional que se establezan.

2. As tarxetas acreditativas expediranse cando menos en castelán. As comunidades autónomas con lingua cooficial distinta do castelán poderán expedirlas tarxetas e certificados en castelán e na outra lingua oficial da comunidade autónoma en igual tamaño e tipo de letra.

Artigo 44. *O Rexistro de Profesionais do Sector Pesqueiro.*

1. No Rexistro de Profesionais do Sector Pesqueiro do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación deberán inscribirse tódalas persoas que estean en posesión da correspondente titulación náutico-pesqueira, sen prexuízo da inscrición noutros rexistros legalmente previstos para o exercicio da súa profesión.

2. O dito rexistro levarase de forma descentralizada, e corresponderalles levalo ás comunidades autónomas competentes nos seus respectivos territorios

3. As comunidades autónomas trasladaranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para a súa constancia no Rexistro de Profesionais do Sector Pesqueiro, as inscricións e baixas de profesionais do sector pesqueiro que realicen.

SECCIÓN 2.^a AS CONFRARÍAS DE PESCADORES

Artigo 45. *Concepto.*

1. As confrarías de pescadores son corporacións de dereito público, sen ánimo de lucro, representativas de intereses económicos, que actúan como órganos de consulta e colaboración das administracións competentes en materia de pesca marítima e de ordenación do sector pesqueiro.

2. As confrarías de pescadores gozan de personalidade xurídica plena e capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

3. En todo caso, poderán ser membros das confrarías de pescadores os armadores de buques de pesca e os traballadores do sector extractivo.

Artigo 46. Funcións.

Son funcións das confrarías de pescadores:

- a) Actuar como órganos de consulta das administracións públicas competentes e exercer-las funcións que lles encomenden a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias.
- b) Prestar servicios ós seus membros e representar e defende-los seus intereses.
- c) Administra-los recursos propios do seu patrimonio.

Artigo 47. Federación Nacional de Confrarías de Pescadores.

Existirá unha Federación Nacional de Confrarías de Pescadores na que poderán integrarse as confrarías de pescadores, así como as súas federacións.

Artigo 48. Órganos representativos.

1. Os órganos representativos das confrarías de pescadores son a xunta xeral, o cabido e o patrón maior. Tódolos cargos serán elixidos entre os membros da confraría de pescadores mediante sufraxio libre, igual e secreto.

2. O mandato dos cargos electos para os órganos representativos das confrarías de pescadores terá unha duración de catro anos, e poderán ser reelixidos por períodos de igual duración máxima o número de veces que determine a normativa das comunidades autónomas.

Artigo 49. A xunta xeral.

A xunta xeral estará integrada polo mesmo número de traballadores e armadores en representación dos distintos sectores da confraría e exercerá as funcións que establezan os respectivos estatutos que lle corresponde aprobar, así como as que establezan as comunidades autónomas.

Artigo 50. O cabido.

O cabido estará integrado polo mesmo número de traballadores e de armadores en representación dos distintos sectores da confraría e exercerá a función de xestión e administración ordinarias dela, así como as que establezan as comunidades autónomas.

Artigo 51. O patrón maior.

O patrón maior será elixido pola xunta xeral, de entre os seus membros, e exercerá a función de dirección da confraría de pescadores, así como as que establezan os estatutos.

SECCIÓN 3.^a AS ORGANIZACIÓNS DE PRODUCTORES**Artigo 52. Concepto.**

As organizacións de produtores son entidades recoñecidas oficialmente, constituídas por iniciativa dos produtores co fin de garanti-lo exercicio racional da pesca e a mellora das condicións de venda da súa produción.

Artigo 53. Funcións.

Os produtores que se integren en organizacións terán, entre outras, as seguintes obrigas:

- a) Dar saída a través da organización ó produto ou produtos para os cales se asociasen, salvo disposición expresa da propia organización.
- b) Aplica-las normas adoptadas pola organización co fin de mellora-la calidade dos produtos, adapta-lo volume da oferta ás esixencias do mercado e mellora-lo proceso de comercialización.

Artigo 54. Condicións para o seu recoñecemento.

Para o recoñecemento oficial das organizacións de produtores poderá esixirse, entre outras condicións e nos termos que o Goberno estableza regulamentariamente, que tales organizacións realicen unha actividade económica suficiente e desenvolvida en determinados ámbitos xeográficos, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas para o desenvolvemento lexislativo e de execución das bases estatais.

Artigo 55. Outorgamento e retirada do recoñecemento oficial.

1. O recoñecemento oficial das organizacións de produtores, da súa representatividade e o seu carácter exclusivo nunha zona, corresponde:

- a) Ás comunidades autónomas, cando se trate de organizacións de produtores cunha produción que pertenza principalmente a unha soa comunidade autónoma, nas porcentaxes e nos termos que regulamentariamente se establezan.
- b) Ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, nos demais supostos.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas poderanlles retirar-lo recoñecemento ás organizacións de produtores da súa competencia cando estas deixasen de cumprir-los requisitos que determinaron o seu recoñecemento, ou incumpran o regulamentado en canto ó seu funcionamento .

SECCIÓN 4.^a OUTRAS ENTIDADES REPRESENTATIVAS DO SECTOR PESQUEIRO**Artigo 56. Entidades asociativas e organizacións sindicais.**

As asociacións de armadores, así como as demais entidades asociativas xuridicamente recoñecidas e as organizacións sindicais de profesionais do sector terán a consideración de entidades representativas para efectos da súa interlocución e colaboración na toma daquelas decisións que poidan afecta-los intereses que representan.

CAPÍTULO III**Da flota pesqueira****Artigo 57. Rexistro de Buques Pesqueiros.**

1. Constituirase no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación un Rexistro de Buques Pesqueiros, de carácter administrativo, onde constarán tódolos buques españois autorizados para a pesca, para labores auxiliares de pesca ou marisqueo, con expresión dos datos

deles de interese para a aplicación da normativa en materia de ordenación do sector pesqueiro. O seu contido forma parte do Rexistro Comunitario de Buques Pesqueiros.

2. A execución do disposto no punto anterior levará a cabo as comunidades autónomas, as cales manterán unha conexión telemática permanente co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

3. Co fin de cumprir os compromisos da Unión Europea en materia de planificación da flota pesqueira, así como outros compromisos internacionais, o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, establecerá a normativa correspondente para a evolución da flota pesqueira española.

4. A inscrición no Rexistro de Buques Pesqueiros non eximirá do cumprimento do deber de inscrición no Rexistro Mercantil e noutros rexistros públicos que poidan existir.

Artigo 58. *Programas de construción, modernización e reconversión.*

A construción, modernización e reconversión de buques pesqueiros realizarase no marco dos programas que leve a cabo o Goberno, logo de consultar coas comunidades autónomas do litoral, para a adaptación do esforzo pesqueiro ó estado dos recursos e á situación das pesqueiras existentes.

Artigo 59. *Novas construcións de buques pesqueiros.*

1. A autorización de construción de buques pesqueiros requirirá que as unidades que se vaian construír substitúan un ou máis buques achegados como baixas inscritos no Rexistro de Buques Pesqueiros, nas condicións que regulamentariamente se establezan.

Estas condicións afectarán o arqueo, potencia e demais requisitos técnicos dos buques pesqueiros, segundo as modalidades de pesca ou as pesqueiras a que estes se destinen.

2. Sen prexuízo das competencias do Ministerio de Fomento, as autorizacións para novas construcións corresponden á comunidade autónoma na que o buque teña que te-lo seu porto base.

A comunidade autónoma outorgará a dita autorización tendo en conta a normativa básica correspondente e o previo informe favorable do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación sobre os aspectos da súa competencia exclusiva en materia de pesca marítima.

3. A cédula do buque pesqueiro é o documento identificativo deste, indispensable para que sexa autorizado por primeira vez para o exercicio da actividade pesqueira. Na cédula faranse constar, como mínimo, os datos de identificación do buque, o porto base de establecemento e as baixas dos buques achegadas para a súa construción, os cales non poderán ser despachados no sucesivo para o exercicio da pesca.

Artigo 60. *Modernización e reconversión.*

1. A modernización e reconversión dos buques pesqueiros terá como finalidade a modificación das súas condicións técnicas co fin de os adaptar á normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais, mellora-las condicións de habitabilidade, racionaliza-las operacións de pesca e perfecciona-las procesos de manipulación e conservación dos produtos a bordo.

2. Cando as obras de modernización e reconversión supoñan incremento de esforzo de pesca esixírase a achega de baixas doutros buques inscritos no Rexistro

de Buques Pesqueiros, na forma ou coas excepcións que regulamentariamente se establezan.

3. As obras de modernización e reconversión serán autorizadas pola comunidade autónoma de acordo coa normativa básica correspondente, logo de informe favorable do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación sobre os aspectos da súa competencia exclusiva en materia de pesca marítima, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Fomento.

4. As axudas públicas que se concedan para a modernización e reconversión de buques pesqueiros serán condicionadas á obxectivación das melloras sociais establecidas no punto 1 deste artigo.

Artigo 61. *Adaptación da flota á situación das pesqueiras.*

Co fin de adapta-la flota á situación dos recursos, e propicia-la recuperación e mellor aproveitamento destes, o Goberno e as comunidades autónomas, no marco das súas respectivas competencias, logo de consulta ós axentes sociais, poderán incentiva-las seguintes medidas:

- a) A paralización temporal ou definitiva de determinados buques pesqueiros.
- b) A formación de empresas mixtas.

Artigo 62. *Paralización definitiva de buques pesqueiros.*

1. Enténdese por paralización definitiva dun buque pesqueiro o cesamento de toda actividade pesqueira por parte deste.

2. A paralización definitiva de buques pesqueiros aplicarase a aquelas flotas e pesqueiras cunha situación que aconselle un axuste estrutural a longo prazo, co fin de reduci-lo esforzo pesqueiro e propicia-la recuperación dos recursos.

3. A paralización definitiva dun buque pesqueiro comportará a súa baixa no Rexistro de Buques Pesqueiros e na lista terceira do Rexistro de Buques e Empresas Navais.

4. Regulamentariamente, determinaranse as condicións de compensación das consecuencias da paralización, logo de consulta ás comunidades autónomas e os axentes sociais, tanto no que se refire ó armador como ós traballadores.

5. A paralización definitiva de buques de pesca irá, así mesmo, acompañada da posta en marcha de programas específicos de formación e reciclaxe dos traballadores afectados para facilita-la súa reinserción na economía productiva.

6. Cando a paralización definitiva de buques pesqueiros incida de forma importante no empeoramento das condicións de vida en territorios dependentes da actividade destes buques o Goberno, en colaboración coas comunidades autónomas afectadas, arbitrará medidas compensatorias para reactiva-la economía destes territorios.

Artigo 63. *Paralización temporal de buques pesqueiros.*

1. Enténdese por paralización temporal dun buque pesqueiro o cesamento da súa actividade durante un período de tempo determinado.

2. A paralización temporal é unha medida conxuntural coa finalidade de reduci-lo esforzo pesqueiro, como consecuencia de circunstancias excepcionais.

3. Regulamentariamente, determinaranse as condicións en que procede a compensación con cargo a fondos estatais das perdas derivadas da paralización temporal, logo de consulta ás comunidades autónomas e ós axentes sociais. En calquera caso, estas compensacións non se outorgarán cando a causa que motiva a paralización sexa un exceso de esforzo de pesca con carácter estrutural, ou cando a paralización temporal sexa un requisito implícito para o exercicio da actividade.

4. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación determinará para cada modalidade, se é o caso, a extensión do descanso obrigatorio, mentres que ás comunidades autónomas lles corresponderá a localización dos días e horarios do dito descanso na actividade.

Artigo 64. *Empresas mixtas.*

1. Co fin de ter acceso ós recursos en augas baixo xurisdicción de países terceiros e mellora-lo grao de fornecemento do mercado comunitario, o Goberno, oídas as comunidades autónomas, poderá adoptar medidas para o fomento de empresas mixtas, ou outras modalidades contractuais previstas regulamentariamente, con carácter temporal ou permanente, con socios de países distintos dos da Unión Europea.

2. Nas medidas de fomento que, se é o caso, se dispoñan, o Goberno, oídas as comunidades autónomas, outorgaralles preferencia a aqueles proxectos que manteñan unha porcentaxe significativa de tripulantes ou traballadores comunitarios, en condicións sociolaborais equiparables ás que se aplican no ámbito da Unión Europea.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación levará un rexistro público das empresas mixtas, e das demais modalidades contractuais regulamentariamente previstas, onde se inscribirán as que cumpran determinados requisitos relativos á súa actividade, composición do capital social, ou traballadores empregados, entre outros. Os beneficios que se dispoñan para estas empresas estarán condicionados á súa inscrición no rexistro.

CAPÍTULO IV

Establecemento de portos base e cambios de base

Artigo 65. *Concepto de porto base.*

Para os buques do caladoiro nacional, o porto base será aquel desde o cal o buque desenvolva a maior parte das súas actividades de inicio das mareas, despacho e comercialización das capturas.

Para os buques que faenan fóra do caladoiro nacional, o porto base será aquel co que se manteña unha vinculación socioeconómica destacable, de acordo co que se estableza regulamentariamente.

Artigo 66. *Establecemento de porto base.*

1. A autorización de construción de todo buque pesqueiro comportará o establecemento do seu porto base.

2. O establecemento do porto base será outorgado pola comunidade autónoma que autorice a construción do buque e corresponderá a un dos portos do seu litoral, logo de informe, se é o caso, da autoridade portuaria.

3. No caso dos buques que faenan no caladoiro nacional, o establecemento de porto base corresponderalle necesariamente ó caladoiro para o cal se autoriza a actividade do buque.

4. O establecemento do porto base entenderase sen prexuízo da libre elección do estaleiro de construción do buque.

Artigo 67. *Cambios de porto base.*

1. Os cambios de base entre portos dunha mesma comunidade autónoma serán autorizados pola comunidade autónoma correspondente, logo de informe, se é o caso, da autoridade portuaria e da confraría de pescadores.

2. Os cambios de base entre portos de distintas comunidades autónomas serán autorizados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación logo de informe daquelas.

3. Cando por razón da actividade pesqueira se prevea utilizar un porto distinto do porto base durante períodos superiores a tres meses, deberá solicitarse unha autorización específica. Excepcionalmente, no suposto de normativa específica de acceso a determinadas zonas de pesca, regulamentariamente estableceranse as condicións en que os buques afectados poidan utilizar un porto diferente a aquel en que teñan fixada a súa base.

4. Entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas estableceranse mecanismos de información mutua sobre os establecementos e cambios de porto base que se autoricen.

5. O cambio de porto base non suporá prexuízo ou minoración dos dereitos sociolaborais dos traballadores.

Artigo 68. *Requisitos para os cambios de base.*

1. Para ser autorizados os cambios de base deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que as características e particularidades do porto se adapten ás necesidades do buque.

b) No caso dos buques autorizados a exercer-la actividade pesqueira no caladoiro nacional, só se poderán autorizar cambios de base que impliquen cambio de caladoiro cando o buque correspondente obtivese do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a licenza de pesca que o autorice a exercer-la actividade no caladoiro no litoral do cal se localice o novo porto base do que se solicita o outorgamento.

c) Que existan posibilidades de comercialización e de prestación de servicios.

d) Que non se contraveñan, se é o caso, as medidas específicas de contención do esforzo pesqueiro.

2. O Goberno, no ámbito das súas competencias, poderá establecer outros requisitos previos para que poidan autorizarse os cambios de base, co fin de evitar que destes deriven desequilibrios no esforzo de pesca que se exerce sobre os distintos caladoiros.

CAPÍTULO V

Portos de desembarque e primeira venda dos produtos pesqueiros

Artigo 69. *Portos de desembarque de produtos pesqueiros.*

1. Os buques pesqueiros ou mercantes que desembarquen produtos pesqueiros no territorio nacional, procedentes de buques de pavillón comunitario, terano que facer nos portos que para o efecto determinen as comunidades autónomas.

2. Dentro de cada porto, o desembarque producirase nos peiraos e lugares delimitados, se é o caso, polas autoridades portuarias.

As comunidades autónomas manterán puntualmente informado o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación dos portos e lugares autorizados.

3. En todo caso, os ditos portos terán que cumprilos seguintes requisitos:

a) Dispor de instalacións aptas e seguras para as faenas de atraque e descarga dos buques.

b) Dispor de instalacións adecuadas para a manipulación e conservación dos produtos da pesca en condicións hixiénico-sanitarias óptimas.

c) Dispor dos medios necesarios para un eficiente exercicio dos labores de control da pesca marítima.

Artigo 70. *Primeira venda de produtos pesqueiros.*

1. Para os efectos da presente lei, enténdese por primeira venda a que se realice por primeira vez dentro do territorio da Unión Europea e na cal se acredite documentalmentemente o prezo do produto.

2. A primeira venda de produtos pesqueiros frescos realizarase a través das lonxas dos portos. Non obstante, as comunidades autónomas poderán autorizar centros para a primeira venda, como son os centros de expedición de moluscos e depuradoras, situados no recinto portuario ou fóra del, sen prexuízo, se é o caso, das competencias da autoridade portuaria sobre a localización dos ditos centros. Así mesmo, poderán establecerse regulamentariamente excepcións da venda en lonxa para capturas realizadas con determinadas modalidades de pesca.

3. Excepcionalmente, cando se trate de territorios insulares onde non existan lonxas, poderán autorizarse outros sistemas para a primeira venda dos produtos pesqueiros frescos, sempre que se garanta suficientemente o control dos produtos.

4. A primeira venda de produtos pesqueiros conxelados ou transformados a bordo realizarase nos establecementos autorizados polas comunidades autónomas.

Artigo 71. *O transporte anterior á primeira venda.*

Os produtos pesqueiros frescos que teñan que ser obxecto da súa primeira venda a través dunha lonxa dun porto distinto ó de desembarque, así como os conxelados ou transformados a bordo que teñan que ser transportados antes de producirse a súa primeira venda, deberán ir acompañados, desde a súa saída do recinto portuario ata que se produza a súa primeira venda, da documentación que se estableza regulamentariamente, entre a que constará, en todo caso, as cantidades transportadas de cada especie, a orixe do envío e o lugar de destino dos produtos.

Artigo 72. *Remisión de información.*

No marco da normativa comunitaria para efectos da necesaria integración dos controis de competencia do Estado e das comunidades autónomas, ámbalas Administracións intercambiaranse as informacións resultantes dos documentos relacionados coa primeira venda, así como da evolución do nivel das capturas das especies continxentadas.

Artigo 73. *Medidas regulamentarias.*

Queda prohibida a tenza, transporte, tránsito, almacenamento, transformación, exposición e venda de produtos pesqueiros de calquera orixe ou procedencia, que sexan de tamaño ou peso inferior ó regulamentado no ámbito internacional, comunitario, estatal e autonómico.

Os viveiros artificiais de peixes e moluscos terán unha regulamentación específica.

Artigo 74. *Prohibición de comercializa-las capturas procedentes da pesca non profesional.*

Queda prohibida a comercialización, por calquera medio, das capturas procedentes da pesca non profesional.

TÍTULO III

Comercialización e transformación de produtos pesqueiros

CAPÍTULO I

Principios xerais

Artigo 75. *Instrumentos da política de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros.*

A política de comercialización e transformación dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura realizarase a través de:

a) Medidas para a normalización dos produtos ó longo de toda a cadea comercial, para dotar de transparencia o mercado e posibilitar unha adecuada información ó consumidor, en especial acerca da natureza e a orixe dos produtos.

b) Normas que aseguren durante toda a cadea de comercialización que os produtos da pesca e do marisqueo se adaptan ás normas de conservación dos recursos aplicables en cada caso.

c) Medidas dirixidas ó fomento da transformación dos produtos pesqueiros.

d) Medidas para a mellora da calidade e para a promoción dos produtos.

CAPÍTULO II

Comercialización dos produtos pesqueiros

Artigo 76. *Concepto.*

Para os efectos da presente lei, enténdese por comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura, cada unha das operacións que transcurren desde a primeira venda ata o seu consumo final, e que comprende, entre outras, a tenza, transporte, almacenamento, exposición e venda, incluída a que se realiza nos establecementos de restauración.

Artigo 77. *Normalización.*

Ó longo de todo o proceso de comercialización, os produtos deberán estar correctamente identificados e deberán cumprila normativa estatal e autonómica de

comercialización que se estableza, que se referirá, entre outras materias, á frescura, calibrado, denominación, orixe, presentación e etiquetaxe.

Artigo 78. Principios xerais da identificación.

A identificación dos produtos pesqueiros a través da etiquetaxe, presentación e publicidade estará suxeita ós seguintes principios:

- a) Deberán incorporar ou permitir de forma certa e obxectiva unha información eficaz, veraz e suficiente sobre a súa orixe e as súas características esenciais.
- b) Non deixarán lugar a dúbidas respecto da natureza do produto, debendo constar en calquera caso a especie.
- c) Non inducirán a erro ou engano por medio de inscricións, signos, anagramas, debuxos ou formas de presentación que poidan inducir a confusión con outros produtos.
- d) Non se omitirán ou falsearán datos de modo que con iso poida propiciarse unha imaxe falsa do produto.
- e) Declararán a calidade do produto ou dos seus elementos principais consonte normas específicas de calidade.

Artigo 79. Prohibicións.

Quedan prohibidas as operacións de comercialización de produtos da pesca e do marisqueo de calquera orixe ou procedencia, cando o seu tamaño ou peso sexa inferior ó regulamentario de cada modalidade ou cando o seu modo de obtención non se fíxese consonte a normativa internacional, comunitaria, estatal e autonómica de aplicación na materia ou incumpran coa normativa sanitaria que en cada momento se estableza.

CAPÍTULO III

Da transformación dos produtos pesqueiros

Artigo 80. Concepto.

1. Enténdese por transformación dos produtos pesqueiros o conxunto de operacións que modifican as características físicas ou químicas dos produtos, co obxectivo de os preparar para a súa comercialización.
2. O concepto de transformación comprende as operacións de preparación, tratamento e conservación.

Artigo 81. Fomento da transformación.

1. O Goberno e as comunidades autónomas poderán adoptar medidas de fomento das operacións de transformación dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura.
2. As medidas de fomento dirixiranse preferentemente cara:

- a) Á diversificación dos produtos.
- b) Á mellora da calidade.
- c) Á innovación tecnolóxica.
- d) Ó aproveitamento dos recursos excedentarios ou infrautilizados.
- e) Ó desenvolvemento de interprofesións coa colaboración do sector extractivo.
- f) Ó aproveitamento dos subprodutos.
- g) Á redución do impacto sobre o ambiente.

CAPÍTULO IV

Mellora da calidade dos produtos pesqueiros

Artigo 82. Promoción dos produtos pesqueiros.

Nas campañas que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación promova, a nivel nacional ou internacional, coa colaboración, se é o caso, das administracións competentes, a promoción dos produtos pesqueiros dirixirase preferentemente a:

- a) Favorece-lo consumo de produtos infrautilizados ou excedentarios.
- b) Facilita-la comercialización de produtos tradicionais e artesanais.
- c) Contribuír á adaptación entre a oferta e a demanda.
- d) Divulga-lo coñecemento das producións autóctonas.
- e) Impulsa-lo desenvolvemento das denominacións de calidade.
- f) Contribuír a unha adecuada información ó consumidor acerca das características dos produtos.

Artigo 83. Mellora da calidade dos produtos pesqueiros.

Na elaboración das normas que afecten a comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura, e nas medidas de fomento que afecten esta actividade, o Goberno terá en conta o obxectivo de mellora-la súa calidade, co fin de incrementa-lo valor engadido e favorecer un eficaz aproveitamento dos recursos.

TÍTULO IV

A investigación pesqueira e oceanográfica

CAPÍTULO I

Principios xerais

Artigo 84. Fomento da investigación.

1. Fomentárase a investigación pesqueira e oceanográfica, tanto nas augas de soberanía ou xurisdicción nacional coma noutras nas que faenen as flotas españolas, co fin de compatibiliza-la explotación sustentable dos recursos co respecto ó medio mariño, incluíndo a conservación da biodiversidade, no marco do código de conducta para unha pesca responsable.
2. O Goberno e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, cooperarán no fomento da investigación pesqueira e oceanográfica, a través, fundamentalmente, dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Ciencia e Tecnoloxía, e das consellerías ou departamentos competentes na materia das comunidades autónomas.

Artigo 85. Obxectivos.

A investigación pesqueira e oceanográfica, no ámbito da política de pesca marítima, ten como obxectivos esenciais:

- a) O coñecemento das condicións do medio mariño e das súas relacións cos recursos vivos.
- b) O coñecemento da bioloxía das especies mariñas e das súas interaccións.

c) A avaliación do impacto xerado nos ecosistemas mariños pola actividade pesqueira e demais actividades humanas.

d) A avaliación periódica do estado dos recursos vivos de interese para as flotas españolas.

e) Dispor dos coñecementos necesarios para orientalas distintas actuacións da Administración en relación cos recursos pesqueiros.

f) A busca de novos recursos pesqueiros de interese susceptibles de aproveitamento.

g) O desenvolvemento da acuicultura.

Artigo 86. *Planificación e programación.*

1. A investigación pesqueira e oceanográfica integrará os seus programas de actuación no Plan Nacional de Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico.

2. Promoveranse accións conxuntas coas comunidades autónomas para a instrumentación, desenvolvemento e execución de programas de investigación pesqueira e oceanográfica.

3. Os axentes activos do sector pesqueiro poderán intervir na planificación, programación e determinación dos obxectivos.

Artigo 87. *Colaboración do sector.*

As organizacións profesionais pesqueiras e, en xeral, os axentes do sector pesqueiro prestarán a súa colaboración para o cumprimento dos obxectivos da investigación pesqueira e oceanográfica, facilitando as actuacións correspondentes a bordo dos buques, nos portos e nas lonxas, achegando a información que corresponda.

CAPÍTULO II

Da investigación pesqueira e oceanográfica do Estado

Artigo 88. *O Instituto Español de Oceanografía.*

O Instituto Español de Oceanografía (IEO) é un organismo autónomo, adscrito ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, coa condición de organismo público de investigación, de carácter sectorial e multidisciplinar, dotado de personalidade e patrimonio propio, ó servizo da política científica e tecnolóxica do Estado, en materia de oceanografía e pesca marítima.

O Instituto Español de Oceanografía atenderá prioritariamente os obxectivos da política sectorial pesqueira do Goberno, tanto en funcións de investigación como de apoio técnico-científico, e poderá representa-lo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación nos foros científicos internacionais relacionados coa oceanografía e as pesqueiras, en coordinación co Ministerio de Asuntos Exteriores e, se é o caso, en colaboración cos organismos de investigación das comunidades autónomas.

O Goberno, mediante real decreto, fixará os mecanismos de actuación conxunta e compartida dos ministerios de Ciencia e Tecnoloxía e de Agricultura, Pesca e Alimentación, en relación coa investigación pesqueira e oceanográfica do IEO, no ámbito da pesca marítima, para a elaboración e execución do programa sectorial, así como para as actuacións que, se é o caso, resulten necesarias para a execución da política de pesca marítima do Goberno. Estas actividades ordinarias do organismo financiaranse con cargo ó seu orzamento.

TÍTULO V

Réxime de infraccións e sancións

CAPÍTULO I

Das infraccións administrativas en materia de pesca marítima en augas exteriores

Artigo 89. *Obxecto.*

O presente título ten por obxecto:

a) Establece-lo réxime sancionador en materia de pesca marítima, a aplicación do cal lles corresponde ós órganos competentes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

b) Establece-la normativa básica do réxime sancionador en materia de ordenación do sector pesqueiro e da actividade comercial de produtos pesqueiros, o desenvolvemento legislativo e execución do cal lles corresponde ós órganos competentes das comunidades autónomas.

Artigo 90. *Responsables.*

1. Son responsables das infraccións tipificadas nesta lei as persoas físicas ou xurídicas que as cometan, mesmo cando estean integradas en asociacións temporais de empresas, agrupacións ou comunidades de bens sen personalidade.

2. Cando a infracción sexa imputable a varias persoas e non sexa posible determina-lo grao de participación de cada una, responderán solidariamente:

a) Os propietarios de buques, armadores, fretadores, capitáns e patróns ou persoas que dirixan as actividades pesqueiras, nos supostos de infraccións de pesca marítima.

b) Os transportistas ou calquera persoa que participe no transporte de produtos pesqueiros, con respecto ó suposto de infracción previsto no artigo 99 d).

c) Os propietarios de empresas comercializadoras ou transformadoras de produtos pesqueiros e persoal responsable delas, nos casos de infraccións que afecten a estas actividades.

d) Os titulares da concesión da lonxa pesqueira, respecto da identificación das especies, así como da venda de produtos de tamaño ou peso inferiores ós regulamentados.

Artigo 91. *Concurrencia de responsabilidades.*

1. A responsabilidade polas accións ou omisións tipificadas na presente lei é de natureza administrativa e non exclúe as doutra orde a que houber lugar.

2. As sancións que se imponen a distintos suxeitos como consecuencia dunha mesma infracción terán entre si carácter independente.

3. Non poderán sancionarse os feitos que fosen sancionados penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

4. Cando o suposto feito infractor puidese ser constitutivo de delicto ou falta, daráselle traslado do tanto de culpa ó Ministerio Fiscal, e suspenderase a tramitación do procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dicte resolución firme ou que poña fin ó procedemento.

5. De non se apreciar-la existencia de delicto ou falta, o órgano administrativo competente continuará o expediente sancionador. Os feitos declarados probados na resolución xudicial firme vincularán o órgano administrativo.

Artigo 92. *Prescripción de infraccións e sancións.*

1. As infraccións administrativas previstas nesta lei prescribirán: no prazo de tres anos as moi graves, no de dous anos as graves e no de seis meses as leves.

2. As sancións impostas pola comisión de infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, en tanto que as impostas por graves ou leves o farán ós dous anos e ó ano, respectivamente.

3. Para o cómputo dos prazos de prescripción de infraccións e sancións seguirase o disposto no artigo 132.2 e 3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Nos supostos de infraccións continuadas o prazo de prescripción comezará a contar desde o momento da finalización da actividade ou do último acto co que a infracción se consuma. No caso de que os feitos ou actividades constitutivos de infracción fosen descoñecidos por carecer de signos externos, o dito prazo computarase desde que estes se manifesten.

Artigo 93. *Medidas provisionais.*

1. As autoridades competentes en materia de pesca marítima e os axentes e autoridades que actúen por delegación ou en virtude de calquera outra forma xurídica prevista en dereito, poderán adoptar, desde o momento en que teñan coñecemento da comisión dunha presunta infracción, as medidas provisionais precisas, incluídas a retención da embarcación ou das artes de pesca antirreglamentarias e o apresamento do buque nos supostos de infraccións graves ou moi graves, para asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer, o bo fin do procedemento, evita-lo mantemento dos efectos da infracción e garanti-los intereses xerais.

2. A adopción destas medidas realizarase de forma motivada. Cando resulte preciso, por razóns de urxencia ou de necesidade, a autoridades competentes adoptarán tales medidas de forma verbal, dando razón do seu proceder, debendo reflecti-lo acordo e a súa motivación por escrito coa maior brevidade posible e, en todo caso, nun prazo non superior a cinco días, dándolle-lo traslado del ós interesados.

As medidas provisionais adoptaranse baseándose nun xuízo de razoabilidade e elixíndose aquela que menos dane a situación xurídica do administrado.

3. As medidas provisionais deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no prazo de quince días, acordándose, se é o caso, a iniciación do procedemento sancionador.

Artigo 94. *Dos bens apreñendidos, incautados e comidos.*

1. Os buques apreñendidos serán liberados sen dilación, logo de constitución dunha fianza ou outra garantía financeira legalmente prevista na contía que fixe o órgano competente, mediante o correspondente acto administrativo, non podendo exceder do importe da sanción que puidese corresponder pola infracción ou infraccións cometidas. O prazo para a prestación da fianza será dun mes desde a súa fixación, e poderá ser prorrogado por idéntico tempo e por causas xustificadas. De non se prestar fianza no prazo establecido o buque quedará ó dispor do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que poderá decidir sobre a súa localización e destino de acordo coa lexislación vixente.

2. As artes, aparellos ou útiles de pesca antirreglamentarios incautados serán destruídos. Os regulamentarios incautados serán devoltos ó interesado se a resolución apreciase a inexistencia de infracción ou, se é o caso, unha vez feito efectivo o importe da fianza imposta.

3. As capturas pesqueiras comisadas de tamaño antirreglamentario, apto para o consumo, poderán distribuírse entre entidades benéficas e outras institucións públicas e privadas sen ánimo de lucro ou, en caso contrario, procederase á súa destrución.

4. Os gastos derivados da adopción das medidas cautelares, ou das sancións accesorias, se é o caso, correrán por conta do imputado.

CAPÍTULO II

Das infraccións administrativas en materia de pesca marítima en augas exteriores

Artigo 95. *Infraccións leves.*

Para os efectos da presente lei considéranse infraccións leves:

a) Calquera actualización dos datos e circunstancias persoais que figuren na licencia, cando non requira autorización administrativa previa, sen efectuar-la comunicación prevista legalmente.

b) A realización de faenas de pesca e selección de peixe con luces que dificulten a visibilidade das regulamentarias.

c) A anotación incorrecta no diario de pesca e na declaración de desembarque que non supoñan unha alteración dos datos relativos ás capturas ou ó esforzo de pesca.

d) As accións ou omisións que supoñan incumprimento das obrigas establecidas na lexislación pesqueira comunitaria ou previstas en convenios, acordos ou tratados internacionais en materia de pesca e que non constitúan infracción grave ou moi grave.

e) Calquera infracción do establecido nesta lei ou no resto da lexislación vixente en materia de pesca marítima, cando non estea tipificada como grave ou moi grave.

Artigo 96. *Infraccións graves.*

Para os efectos da presente lei considéranse infraccións graves:

1. No relativo ó exercicio da actividade:

a) O exercicio ou realización de actividades de pesca sen dispor da correspondente autorización.

b) A obtención de autorizacións de pesca en número superior ás permitidas legalmente por causas imputables ó interesado.

c) O incumprimento das condicións establecidas nas autorizacións de pesca.

d) A alteración dos datos e circunstancias que figuren na correspondente autorización de pesca.

e) O incumprimento das normas vixentes sobre modalidades de pesca.

f) O exercicio da pesca en fondos prohibidos, en caladoiros ou períodos de tempo non autorizados ou en zonas de veda.

g) O incumprimento das normas relativas ó esforzo pesqueiro ou de tempo de calamento das artes ou aparellos.

h) A utilización de boias ou balizas que non cumpran a normativa vixente.

i) O incumprimento da obriga de respecta-las distancias mínimas para buques e artes establecidas na normativa vixente, co fin de entorpece-las actividades pesqueiras.

j) Non levar instalado a bordo o dispositivo de control vía satélite ou de calquera outra natureza, establecido na normativa vixente, por causas imputables ó interesado.

k) Manipular, alterar ou dana-los dispositivos de control ou interferi-las súas comunicacións.

l) Non cubri-lo diario de pesca ou a declaración de desembarque, ou facelo alterando os datos relativos ás capturas, ó esforzo de pesca ou infrinxindo a normativa en vigor, así como non levar a bordo o citado diario.

m) A eliminación ou alteración de probas que puidesen dar lugar ó coñecemento da comisión dunha infracción.

n) A inobservancia da obriga de levar a bordo do buque as autorizacións de pesca, os planos de adegas, así como calquera outro documento esixido pola normativa vixente.

ñ) O incumprimento da obriga de comunica-los desprazamentos, os transbordos, o aviso previo de chegada a porto, as capturas que se leven a bordo e a información sobre esforzo pesqueiro, segundo o esixido na normativa vixente.

o) A non comunicación ás autoridades españolas competentes, no suposto de desembarque de capturas fóra do territorio da Unión Europea, das especies, cantidades e data do dito desembarque, así como a zona en que se realizaron as capturas.

p) A falta de colaboración ou a obstrución dos labores de inspección, sen chegar a impedi-lo seu exercicio.

q) O incumprimento por parte dos buques pesqueiros non comunitarios da obriga de efectua-los desembarques en presenza dos funcionarios encargados do control, cando así o esixa a normativa vixente.

r) A utilización das instalacións de desembarque por buques non comunitarios sen efectua-las notificacións previstas na normativa vixente.

s) O desembarque ou descarga dos produtos da pesca fóra dos lugares referidos no artigo 69.2 de modo que impida ou dificulte as funcións de control e inspección pesqueira en relación cos produtos obxecto de desembarque ou descarga.

t) O incumprimento da obriga de lles entregar ás autoridades competentes as follas do diario de pesca e da declaración de desembarque á chegada a porto, nos prazos establecidos na normativa vixente.

u) O incumprimento da obriga de levar visible, na forma prevista pola lexislación vixente, o folio e a matrícula da embarcación ou calquera outro distintivo, impedi-la súa visualización ou manipula-la dita matrícula cando dificulte o exercicio da actividade inspectora.

v) Toda conducta tipificada como leve en materia de pesca marítima, cometida por españois no exercicio das súas atribucións de mando en buques con pavillón de países cualificados regulamentariamente como de abandeiramento de conveniencia.

2. No tocante ás especies:

a) A realización de calquera actividade que prexudique a xestión e conservación dos recursos mariños vivos, así como das actividades subacuáticas sen dispor de autorización naquelas zonas nas que sexa esixible conforme a normativa vixente.

b) A repoboación mariña sen a correspondente autorización ou cando se incumpran as condicións establecidas nela.

c) A tenza, antes da súa primeira venda, de especies pesqueiras capturadas sen contar coas autorizacións necesarias ou en condicións distintas das establecidas nelas.

d) A captura e tenza, antes da súa primeira venda, de especies non autorizadas ou das que se esgotasen os totais admisibles de capturas (TACs) ou cotas.

e) A tenza, antes da súa primeira venda, de especies de tamaño ou peso inferior ó regulamentario ou, se é o caso, cando se superen as marxes permitidas para determinadas especies na normativa vixente.

f) O incumprimento da normativa sobre topos máximos de capturas permitidos.

g) A identificación incorrecta nas caixas ou embalaxes das especies a bordo.

3. No relativo ás artes, aparellos, útiles, instrumentos e equipos de pesca:

a) O incumprimento das medidas técnicas relativas ó seu modo de emprego.

b) A utilización ou tenza a bordo dos prohibidos, non autorizados ou antirreglamentarios.

c) O incumprimento da normativa sobre o transporte e estiba de artes e aparellos.

d) A utilización de dispositivos que reduzan a selectividade das artes ou aparellos.

e) O cambio de modalidade de pesca sen a autorización preceptiva.

Artigo 97. *Infraccións moi graves.*

Para os efectos da presente lei considéranse infraccións moi graves:

a) O exercicio ou realización de actividades profesionais de pesca marítima sen estar incluído no censo de buques de pesca marítima.

b) A realización de actividades non permitidas nas zonas de protección pesqueira.

c) A realización de actividades co obxecto de impedi-lo dereito ó exercicio da actividade pesqueira.

d) A obtención das autorizacións ou axudas para a pesca con base en documentos ou información falsos.

e) O exercicio da actividade pesqueira sen autorización en augas do mar territorial ou zona económica exclusiva española por parte de buques pesqueiros non comunitarios, así como a tenza a bordo ou desembarque de produtos pesqueiros en portos españois, sen xustificar debidamente a orixe das súas capturas.

f) A violación das obrigas establecidas en virtude dos convenios, acordos ou tratados internacionais en materia de pesca, cando o seu incumprimento os poida poñer en perigo ou atente contra a súa normal execución.

g) A utilización para a pesca de explosivos, armas, substancias tóxicas, velenosas, soporíferas ou corrosivas.

h) A resistencia, desobediencia ou obstrución grave ás autoridades de vixilancia ou inspección ou os seus axentes, impedindo o exercicio da súa actividade.

i) Toda conducta tipificada como grave en materia de pesca marítima ou violación das obrigas establecidas en virtude dos convenios, acordos ou tratados internacionais cometida por españois no exercicio das súas atribucións de mando en buques con pavillón de países cualificados regulamentariamente como de abandeiramento de conveniencia.

CAPÍTULO III

Infraccións en materia de ordenación do sector pesqueiro e de comercialización de produtos pesqueirosArtigo 98. *Infraccións leves.*

Para os efectos da presente lei considéranse infraccións leves:

- a) O atraso no cumprimento das preceptivas obrigas de información ás administracións públicas.
- b) Cargar produtos pesqueiros fóra dos lugares ou portos fixados para o efecto.

Artigo 99. *Infraccións graves.*

Para os efectos da presente lei considéranse infraccións graves:

- a) A comercialización de especies pesqueiras con incumprimento da normativa sobre categorías de frescura e calibrado, ou sen contar coas autorizacións necesarias ou en condicións distintas das establecidas nas ditas autorizacións.
- b) A realización de operacións de construción ou modernización de buques pesqueiros á marxe ou con incumprimento das preceptivas autorizacións dos órganos competentes das comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias.
- c) A tenza, a consignación, o transporte, o tránsito, o almacenamento, a transformación, a exposición e a venda, en calquera das formas previstas legalmente, de produtos pesqueiros prohibidos ou de tamaño ou peso inferior ó regulamentado.
- d) O transporte de produtos pesqueiros sen a correspondente documentación esixida na lexislación vixente.
- e) Incumprir a normativa vixente relativa á potencia dos motores ou outros parámetros establecidos para os buques respecto de cada caladoiro ou modalidade de pesca.
- f) O cambio de base do buque pesqueiro sen obter previamente a correspondente autorización administrativa, ou a súa non utilización conforme o establecido no artigo 65, excepto suposto de forza maior.
- g) A obstrución dos labores de inspección, sen chegar a impedi-lo seu exercicio.
- h) A entrada ou saída do porto fóra do horario establecido para o exercicio da actividade pesqueira, salvo que as ditas manobras teñan lugar como consecuencia de estado de necesidade ou forza maior, sen prexuízo das competencias da autoridade portuaria.
- i) O incumprimento dos descansos de pesca establecidos.
- j) A realización de actividades de venda de produtos pesqueiros en lugar ou en forma non autorizados legalmente ou con incumprimento dos requisitos esixidos, así como a non expedición da nota de venda ou a inclusión de datos falsos nela.
- k) O exercicio de actividades profesionais pesqueiras sen estar en posesión da titulación que acredita a capacitación e formación profesional náutico-pesqueira.
- l) O desembarque ou descarga de especies e produtos pesqueiros en condicións distintas das establecidas legalmente.
- m) A identificación incorrecta nas caixas ou embalaxes das especies contidas.

Artigo 100. *Infraccións moi graves.*

Para os efectos da presente lei considéranse infraccións moi graves:

- a) A obtención de subvencións, préstamos e, en xeral calquera tipo de axuda, con base en datos falsos, así como destinalas a fins distintos dos previstos.
- b) A obtención das autorizacións precisas con base en documentos ou informacións falsas.
- c) A resistencia ou desobediencia grave ás autoridades de inspección, impedindo o exercicio desta.

CAPÍTULO IV

Das sanciónsArtigo 101. *Clases.*

1. As sancións que poden aplicarse pola comisión das infraccións previstas na presente lei son as seguintes:

- a) Apercibimento.
- b) Multa.
- c) Inhabilitación para o exercicio ou desenvolvemento de actividades pesqueiras durante un período non superior a cinco anos.
- d) Incautación de artes, aparellos ou útiles de pesca prohibidos ou que infrinxan a normativa vixente.
- e) Comiso dos produtos ou bens.
- f) Suspensión, retirada ou non renovación das autorizacións durante un período non superior a cinco anos.
- g) Imposibilidade de obtención durante un prazo non superior a cinco anos, de préstamos, subvencións ou axudas públicas.
- h) Incautación do buque.

2. Estas sancións serán acumulables de conformidade co establecido na presente lei.

3. Con independencia das que poidan corresponder en concepto de sanción, o órgano sancionador poderá acorda-la imposición de multas coercitivas consonte o disposto no artigo 99 da Lei 30/1992, unha vez transcorridos os prazos sinalados no requirimento correspondente. A contía de cada unha das ditas multas non superará o 20 por 100 da multa fixada pola infracción correspondente.

4. Malia o disposto no artigo 91.5, cando se utilizase o buque pesqueiro para efectuar tráfico de drogas tóxicas, estupefacientes, substancias psicotrópicas, transporte ilegal de inmigrantes, ou para calquera outra actividade constitutiva de delicto e fose determinada por resolución xudicial firme a responsabilidade dos autores, estes quedarán inhabilitados para o exercicio ou desenvolvemento das actividades pesqueiras durante un período de dez anos.

Artigo 102. *Graduación das sancións principais.*

- 1. As infraccións leves serán sancionadas con apercibimento ou con multa de 9.983 a 49.916 pesetas, 60 a 300 euros.
- 2. As infraccións graves serán sancionadas con multa de 50.082 a 9.983.160 pesetas, 301 a 60.000 euros.
- 3. As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de 9.983.326 a 49.915.800 pesetas, 60.001 a 300.000 euros.

Artigo 103. *Sancións accesorias en materia de pesca marítima en augas exteriores.*

1. As infraccións graves, ademais da multa correspondente, poderán ser sancionadas cunha ou varias das

seguintes sancións accesorias en función das circunstancias concorrentes:

a) Inhabilitación para o exercicio ou desenvolvemento de actividades pesqueiras durante un período non superior a tres anos: as infraccións previstas no artigo 96, puntos 1.a), 1.b), 1.c), 1.d), 1.e), 1.f), 1.g), 1.i), 1.k), 1.l), 1.m), 1.n), 1.ñ), 1.o), 1.p), 1.s), 1.t), 1.v), 2.a), 2.c), 2.d), 2.e), 2.f), 3.a), 3.b), 3.c), 3.d) e 3.e).

b) Incautación de artes, aparellos ou útiles de pesca: as infraccións previstas no artigo 96, puntos 2.a), 3.b), 3.c) e 3.d).

c) Comiso dos produtos ou bens obtidos na comisión das infraccións previstas no artigo 96, puntos 1.a), 1.c), 1.f), 1.g), 1.h), 1.m), 1.q), 1.r), 1.s), 2.a), 2.c), 2.d), 2.e), 2.f), 2.g), 3.a), 3.b), 3.c) e 3.d).

d) Suspensión, retirada ou non renovación das autorizacións durante un período non superior a tres anos: as infraccións previstas no artigo 96, puntos 1.b), 1.c), 1.e), 1.g), 1.j), 1.k), 1.l), 2.b), 2.c), 2.d) e 3.a).

2. As infraccións moi graves, ademais da multa correspondente, poderán ser sancionadas cunha ou varias das seguintes sancións accesorias en función das circunstancias concorrentes:

a) Inhabilitación para o exercicio ou desenvolvemento de actividades pesqueiras durante un período non superior a cinco anos: as infraccións previstas no artigo 97, letras a), b), c), d), f), g), h) e i).

b) Incautación de artes, aparellos ou útiles de pesca: as infraccións previstas no artigo 97, letras a) e b).

c) Comiso dos produtos ou bens obtidos na comisión das infraccións previstas no artigo 97, letras a), b), e) e g).

d) Suspensión, retirada ou non renovación de autorizacións para o exercicio da pesca durante un período non superior a cinco anos: as infraccións previstas no artigo 97, letras b), c), d), f), g) e h).

e) Imposibilidade de obtención de préstamos, subvencións ou axudas públicas durante un prazo máximo de cinco anos: as infraccións previstas no artigo 97, letras a), b), c), d), f), g) e h).

f) Incautación do buque: a infracción prevista no artigo 97, letra a).

Artigo 104. *Sancións accesorias en materia de ordenación do sector pesqueiro e comercialización de produtos pesqueiros.*

1. As infraccións graves, ademais da multa correspondente, poderán ser sancionadas cunha ou con varias das seguintes sancións accesorias en función das circunstancias concorrentes:

a) Comiso dos produtos ou bens obtidos ilegalmente: as infraccións previstas no artigo 99, letras a), c), d), i), j), l) e m).

b) Suspensión, retirada ou non renovación das autorizacións durante un período non superior a cinco anos: as infraccións previstas no artigo 99, letras a), b), c), e) e m).

c) Inhabilitación para o exercicio ou desenvolvemento de actividades pesqueiras durante un período non superior a cinco anos: as infraccións previstas no artigo 99, letras a), b), f), g), h) e k).

2. As infraccións moi graves, ademais da multa correspondente, poderán ser sancionadas, en función das circunstancias concorrentes, cunha ou varias das sancións accesorias seguintes:

a) Suspensión, retirada ou non renovación das autorizacións durante un período non superior a cinco anos: as infraccións previstas no artigo 100, letras b) e c).

b) Inhabilitación para o exercicio ou desenvolvemento de actividades durante un período non superior a cinco anos: as infraccións previstas no artigo 100, letras b) e c).

c) Imposibilidade de obtención de axudas, préstamos ou subvencións públicas durante un prazo máximo de cinco anos: as infraccións previstas no artigo 100, letra a).

Artigo 105. *Suspensión condicional.*

1. Nas sancións en materia de pesca marítima, dictada a resolución que pon fin á vía administrativa, o infractor poderá solicitar no prazo dun mes, contado a partir da notificación, a suspensión condicional da execución da sanción imposta, mediante escrito debidamente motivado, dirixido ó ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, manifestando o compromiso de suxeitarse ás condicións que para o seu outorgamento se establezan, co fin de garantir, durante o prazo de suspensión, un comportamento de respecto da normativa reguladora do exercicio da actividade pesqueira.

A presentación da solicitude determinará a suspensión automática da execución da sanción ata a resolución do expediente sobre a suspensión condicional.

O prazo de suspensión condicional será de seis a nove meses para as faltas leves e de nove a dezaseis meses para as faltas graves, atendendo en ámbolos casos ás circunstancias da infracción cometida.

2. Serán requisitos para solicitar a suspensión condicional:

a) Que non fose sancionado nos últimos tres anos.

b) Que a contía da sanción imposta non exceda de 4.991.500 pesetas, 30.000 euros.

3. Para efectos da resolución de suspensión condicional da execución, concederáselle audiencia ó interesado e poderán solicitarse informes das entidades asociativas do sector afectado e doutros organismos públicos interesados. Poderán, así mesmo, solicitarse todos aqueles informes que se estimen convenientes para resolver sobre a suspensión condicional.

Unha vez acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá resolver a concesión ou denegación da suspensión condicional da execución da sanción.

4. A resolución denegatoria da suspensión condicional, debidamente motivada, seralle notificada ó interesado, e procederase a continua-la tramitación da execución da sanción imposta. Así mesmo, a resolución favorable, debidamente motivada, seralles notificada ós interesados, e expresará as condicións en que se levará a cabo, así como que esta suspende os prazos de prescrición da sanción establecida na presente lei. Os interesados poderán entender estimada por silencio administrativo a súa solicitude.

5. As condicións de obrigado respecto polo infractor, durante o período de suspensión, incluírán en todo caso:

a) Non cometer ningunha infracción pesqueira.

b) Cumprir debidamente as medidas cautelares impostas e mantidas, se é o caso.

6. Se o interesado, durante o prazo de suspensión fixado, incumprise as obrigas ou condicións impostas ou fose sancionado por outras infraccións pesqueiras, o órgano competente, logo de audiencia daquel, revogará a suspensión condicional da execución da infracción e continuarase a tramitación da execución da sanción imposta.

7. Unha vez cumprido o tempo establecido de suspensión, se o infractor, á vista dos informes que poden ser requiridos para o efecto, cumpriu as condicións establecidas e non foi sancionado por outras infraccións pesqueiras, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación acordará a remisión da sanción imposta sempre que a resolución administrativa sancionadora sexa firme e non recaese sentenza xudicial.

Artigo 106. *Función inspectora en materia de ordenación do sector pesqueiro e comercialización de produtos pesqueiros.*

1. A función inspectora das comunidades autónomas en materia de ordenación do sector pesqueiro iníciase desde o momento mesmo do desembarque ou descarga das capturas nos termos que a súa lexislación estableza.

2. A función inspectora das comunidades autónomas en materia de comercialización de produtos da pesca, independentemente da orixe destes, iniciárase despois da primeira comercialización nas lonxas dos portos ou desde a primeira comercialización cando os produtos non se vendan por primeira vez nas ditas lonxas.

Artigo 107. *Competencia sancionadora en materia de pesca marítima en augas exteriores.*

A competencia para a imposición das sancións correspondentes ás infraccións en materia de pesca marítima corresponderá:

- a) Ós delegados do Goberno no suposto de infraccións leves.
- b) O director xeral de Recursos Pesqueiros, no suposto de infraccións graves.
- c) O secretario xeral de pesca marítima, no suposto de infraccións moi graves se a contía da multa non excede de 24.957.900 pesetas, 150.000 euros.
- d) O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, cando a infracción sexa cualificada como moi grave se a contía da multa excede de 24.957.900 pesetas, 150.000 euros.

Artigo 108. *Competencia sancionadora en materia de ordenación do sector e de comercialización de produtos pesqueiros.*

Correspóndelles ós órganos competentes das comunidades autónomas o desenvolvemento lexislativo, a tramitación e resolución dos expedientes correspondentes ás infraccións en materia de ordenación do sector pesqueiro e de comercialización de produtos pesqueiros tipificadas nesta lei.

Disposición adicional primeira. *Órganos de coordinación e consulta.*

1. Consello Nacional Pesqueiro.

Créase o Consello Nacional Pesqueiro, como órgano de coordinación entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas nas materias reguladas nesta lei.

Formarán parte do Consello Nacional Pesqueiro o secretario xeral de Pesca Marítima, que actuará como presidente, os directores xerais da Secretaría Xeral de Pesca Marítima e un representante de cada unha das comunidades autónomas con competencias na materia.

As funcións e o réxime de funcionamento do consello estableceranse regulamentariamente.

2. O Comité Consultivo do Sector Pesqueiro.

Créase o Comité Consultivo do Sector Pesqueiro, como órgano de asesoramento e consulta do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación cos representantes do sector pesqueiro nos asuntos da súa competencia.

O comité, a composición e funcións do cal se desenvolverán regulamentariamente, estará integrado por representantes da Administración xeral do Estado, e das organizacións ou asociacións máis representativas do sector pesqueiro, e será presidido polo secretario xeral de pesca marítima.

Disposición adicional segunda. *Reglas de aplicación.*

1. Constitúen lexislación de pesca marítima e dícense ó abeiro do artigo 149.1.19.^a da Constitución, o título I e os artigos 89.a), 93, 94, 95, 96, 97, 101, 102, 103, 105, 107, disposicións adicionais primeira e sexta e disposición transitoria única.

2. Constitúen lexislación básica de ordenación do sector pesqueiro e dícense ó abeiro do artigo 149.1.19.^a da Constitución, o título II e os artigos 89.b), 98 a 102, 104, 106.1, 108 e disposición adicional quinta.

3. Constitúen lexislación básica de ordenación da actividade comercial e dícense ó abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, o título III e os artigos 89.b), 99.a), c), d), j) e m), 100.a) e b), 101, punto 1, parágrafos a), b), c), e), f) e g), e puntos 2 e 3, 102, 104, 106.2, 108 e disposición adicional quinta.

4. Constitúen bases do réxime xurídico das administracións públicas e dícense ó abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución, os artigos 90, 91 e 92.

5. O título IV dícense ó abeiro da competencia do Estado sobre o fomento e a coordinación xeral da investigación científica e técnica, de acordo co artigo 149.1.15.^a da Constitución.

Disposición adicional terceira. *Transmisión de datos.*

Os ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Fomento establecerán os mecanismos de coordinación precisos entre o Rexistro de Buques Pesqueiros e o Rexistro de Buques e Empresas Navais. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación emitirá informe previamente sobre as modificacións nos datos da lista terceira do Rexistro de Buques e Empresas Navais e terá acceso permanente e directo a el, para efectos de consulta.

Disposición adicional cuarta. *Importacións de produtos pesqueiros.*

Corresponde ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sen prexuízo das competencias concorrentes doutros departamentos, o control dos produtos pesqueiros procedentes de países non comunitarios con ocasión do seu desembarque ou descarga en territorio nacional. Para estes efectos e demais derivados da competencia estatal sobre comercio exterior, o Goberno designará os portos e lugares de desembarque ou descarga autorizados.

Os capitáns de buques de pesca que enarboren pavillón dun país terceiro e os consignatarios dos produtos pesqueiros procedentes dos ditos países, deberán comunica-lo porto ou lugar e a hora prevista de desembarque ou descarga, non podendo efectuarse a operación se o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación non confirma ter recibido a dita comunicación anticipada.

Disposición adicional quinta. *Tenza ilegal de especies.*

A tenza de especies prohibidas ou de tamaño ou peso inferior ó regulamentado por algunha persoa en mercado, tenda, almacén, establecemento ou outro lugar, contedor ou obxecto de análogas características, ou por vendedor ambulante en calquera sitio, considerárase posesión con fins de comercialización ou venda, agás proba en contrario.

Disposición adicional sexta. *Silencio administrativo en materia de autorizacións de pesca.*

En cumprimento do previsto no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o vencemento do prazo máximo para resolver as solicitudes de autorizacións de pesca marítima entenderase como silencio administrativo negativo.

Disposición adicional sétima. *Lexislación en vigor.*

1. A aplicación da presente lei levarase a cabo sen prexuízo da vixencia das seguintes leis:

- a) Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade.
- b) Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.
- c) Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.
- d) Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres.
- e) Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da Mariña Mercante.

2. Esta lei dítase, así mesmo, sen prexuízo do establecido nas normas sanitarias aplicables á produción e comercialización dos moluscos bivalvos vivos, dos produtos pesqueiros e da acuicultura.

Disposición adicional oitava. *Pesca de litoral e pesca marítima de recreo.*

1. Estableceranse vías de colaboración e, se é o caso, farase uso das correspondentes previsións constitucionais, para os efectos de implantar unha actuación administrativa unificada no ámbito da pesca marítima de litoral que teña por obxecto unha maior eficacia das actuacións públicas. Enténdese por pesca marítima de litoral a flota pesqueira que realiza mareas de duración inferior a vinte e catro horas.

2. Así mesmo, en relación coa pesca marítima de recreo o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas poderán establecer convenios de colaboración ou convenios de encomenda de xestión, co obxecto de garanti-lo cumprimento das medidas de protección, conservación e mellora dos recursos pesqueiros no ámbito das súas respectivas competencias.

Disposición adicional novena.

Á entrada en vigor da presente lei seguirán vixentes os censos publicados no «Boletín Oficial del Estado», así como as posibilidades de pesca que neles se lles recoñecen ás empresas ou asociacións de empresas titulares dos buques incluídos nos ditos censos, ata a elaboración dos novos censos de conformidade co establecido no artigo 26 desta lei.

Disposición transitoria única. *Aplicación da lexislación máis favorable.*

As infraccións cometidas durante a vixencia da Lei 14/1998, do 1 de xuño, pola que se establece o réxime de control para a protección dos recursos pesqueiros, serán obxecto da sanción que resulte máis favorable para o presunto infractor.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido na presente lei, e expresamente na seguinte norma: Lei 14/1998, do 1 de xuño, pola que se establece o réxime de control para a protección dos recursos pesqueiros.

Disposición derradeira primeira. *Actualización de sancións.*

Facúltase o Goberno para actualizar, por real decreto, o importe das sancións previstas nesta lei.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

Autorízase o Goberno e, se é o caso, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias, para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente Lei.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 26 de marzo de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE ECONOMÍA

6009 *REAL DECRETO 287/2001, do 16 de marzo, polo que se reduce o contido de xofre de determinados combustibles líquidos. («BOE» 75, do 28-3-2001.)*

O Real decreto 398/1996, do 1 de marzo, estableceu as especificacións de gasolinas sen chumbo e dos tres tipos de gasóleos (de automoción clase A, de automoción clase B e de calefacción clase C), traspondo parcialmente ó dereito interno español a Directiva 93/12/CEE, do 23 de marzo, para aproxima-la nosa lexislación en materia de contido en xofre de varios combustibles.

A aprobación da Directiva 98/70/CE, do Parlamento Europeo, e do Consello, do 13 de outubro, relativa á calidade da gasolina e o gasóleo, supuxo, principalmente, unha meirande diminución do contido de xofre na gasolina sen chumbo e no gasóleo de automoción (clase A), entre outros cambios.

O Real decreto 1728/1999, do 12 de novembro, estableceu as especificacións de gasolinas sen chumbo e do gasóleo de automoción (clase A), traspondo parcialmente ó dereito interno español a Directiva 98/70/CE.

A aprobación da Directiva 1999/32/CE do Consello, do 26 de abril, relativa á redución do contido en xofre de determinados combustibles líquidos, que modifica a Directiva 93/12/CEE, supón, principalmente, unha meirande redución no contido de xofre dos fueis, que se aplicará a partir do 1 de xaneiro de 2003, fixando así mesmo o contido de xofre dos gasóleos destinados a usos mariños e a calefacción.

O obxecto desta directiva é reduci-las emisións de dióxido de xofre (SO₂) producidas pola combustión de determinados combustibles líquidos, en concreto gasóleos e fueis e minorar, deste xeito, os efectos nocivos desas emisións para o ser humano e para o ambiente.

A citada directiva recolle así mesmo a excepción en canto á súa aplicación ás grandes instalacións de combustión para as que xa se aplica a Directiva 88/609/CEE, do Consello, do 24 de novembro, sobre limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión, incorporada ó ordenamento español no Real decreto 646/1991, do 22 de abril, modificado polo Real decreto 1800/1995, do 3 de novembro, así como a outras instalacións de combustión que utilicen fuel, se as emisións de SO₂ á atmosfera das devanditas instalacións son inferiores ou iguais a 1.700 mg/Nm³.

Por outra banda, a mesma Directiva 1999/32/CE exclúe as refinerías de petróleo sempre que as emisións de SO₂ á atmosfera do conxunto das instalacións sexan inferiores a 1.700 mg/Nm³ tal e como xa se recolle no citado Real decreto 1800/1995, do 3 de novembro, polo que se fixaron as condicións para o control dos límites de emisión de SO₂ na actividade da refinación do petróleo.

Igualmente, a Directiva 1999/32/CE tivo en consideración as especiais características de determinados territorios comunitarios (Grecia, Azores, Madeira, departamentos franceses de ultramar e as illas Canarias), permitindo nestes casos a utilización de gasóleos de uso marítimo cun contido en xofre superior ós límites fixados nela.

Este real decreto traspón a Directiva 1999/32/CE, do Consello, do 26 de abril.

De acordo coa disposición adicional undécima, punto terceiro, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, este real decreto foi sometido a informe preceptivo da Comisión Nacional de Enerxía.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de marzo de 2001,

DISP O Ñ O :

Artigo 1. *Contido máximo de xofre do fuel pesado.*

1. Prohíbese en todo o territorio nacional a utilización de fuel pesado cun contido en xofre que supere o 1,00 por cento en masa, a partir do 1 de xaneiro de 2003.

2. Non obstante o disposto no punto 1, o Ministerio de Economía, logo de informe do Ministerio de Medio Ambiente, poderá autoriza-la utilización de fuel pesado cun contido en xofre entre o 1,00 por cento en masa e o 3,00 por cento en masa, logo de solicitude razoada dos interesados, e sempre e cando se respecten as normas de calidade do aire en canto a SO₂ e as emisións producidas pola dita utilización non contribúan á supe-

ración das cargas críticas. Esa autorización deberase facer pública e ser comunicada á Comisión Europea con doce meses de antelación. Proporcionaráselle á Comisión Europea información abonda para que esta poida comprobar se se cumpren os criterios mencionados anteriormente.

3. Así mesmo, o punto 1 non será aplicable ó fuel utilizado en:

a) Grandes plantas de combustión previstas na Directiva 88/609/CEE, incorporada ó ordenamento español no Real decreto 646/1991, do 22 de abril, modificado polo Real decreto 1800/1995, do 3 de novembro.

b) Outras plantas de combustión non incluídas no parágrafo a), cando as súas emisións de SO₂ sexan iguais ou inferiores a 1.700 mg/Nm³, cun contido de osíxeno nos gases de combustión do 3 por cento en volume, en base seca.

c) Refinerías de petróleo, cando a media mensual das emisións de SO₂ entre tódalas instalacións da refinería, excluídas as do parágrafo a), sexan iguais ou inferiores a 1.700 mg/Nm³.

4. O método de referencia adoptado para determina-lo contido de xofre no fuel pesado será o definido nas normas UNE EN ISO 8754 (1996) e UNE EN ISO 14596 (1999).

Artigo 2. *Contido máximo de xofre do gasóleo clase B para uso marítimo e do gasóleo clase C.*

1. Prohíbese en todo o territorio nacional a utilización de gasóleo clase B para uso marítimo e gasóleo clase C a partir de:

a) A entrada en vigor deste real decreto se o seu contido en xofre supera o 0,20 por cento en masa.

b) O 1 de xaneiro de 2008, se o seu contido de xofre supera o 0,10 por cento en masa.

2. Non obstante o disposto no punto 1, o Ministerio de Economía, logo de informe do Ministerio de Medio Ambiente, poderá autoriza-la utilización dos ditos gasóleos cun contido en xofre entre o 0,10 por cento en masa e o 0,20 por cento en masa, logo de solicitude razoada dos interesados, e sempre e cando se respecten as normas de calidade do aire en canto a SO₂, e as emisións producidas pola devandita utilización non contribúan á superación das cargas críticas. Esa autorización deberase facer pública e ser comunicada á Comisión Europea con doce meses de antelación e non terá validez despois do 1 de xaneiro de 2013. Proporcionaráselle á Comisión Europea información abonda para que esta poida comprobar se se cumpren os criterios mencionados anteriormente.

3. Así mesmo, o punto 1 non será aplicable ó gasóleo para uso marítimo que se utilice nas illas Canarias, podéndose utilizar nese territorio gasóleo para uso marítimo cun contido en xofre superior ós límites establecidos no dito punto sempre e cando non se supere o límite establecido no Real decreto 2482/1986, do 25 de setembro, modificado polo Real decreto 1485/1987, do 4 de decembro.

4. Igualmente, o punto 1 non será aplicable ós gasóleos utilizados en maquinaria móbil distinta da de estrada e nos tractores agrícolas.

5. O método de referencia adoptado para determina-lo contido de xofre no gasóleo clase B para uso marítimo será o definido nas normas UNE EN ISO 8754 (1996) e UNE EN ISO 14596 (1999).